Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Se señala la necesidad de fomentar desde la Comisión de Garantía de Calidad la participación de los diferentes colectivos en las encuestas de satisfacción y que la información que estas encuestas suministren se utilice para la reflexión sobre la mejora del título.
Análise causa	Baja participación en las encuestas de satisfacción.
Definición/ descripción proposta	Continuar con la difusión para fomentar la cultura de la calidad y participación de los grupos de interés del centro en las encuestas de satisfacción. Será necesario contar como responsables de la implantación con la CCC, el Vicerrectorado de Comunicación y Coordinación y el Área de Calidad y Mejora de los Procedimientos.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: En construcción; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C6.1
Descrición tarefa	Facilitar medios y tiempo al alumnado para fomentar la participación en los encuestas de satisfacción. Contarase co apoio da CCC.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-C6.2
Descrición tarefa	Realizar talleres/charlas informativas para concienciar sobre la

	importancia y la utilidad de los SGIC
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Mª del Carmen Fernández Morante
Estado	Activa
Tarefa3	AM-C6.3
Descrición tarefa	Difusión de los períodos de encuestas y fomento de la participación a través de diferentes canales (página web centro, correo electrónico, RRSS, pantallas informativas de los centros) Con el apoyo del Decanato, Vicedecanatos y Secretaria del Centro y del Área de Calidad y Mejora de los Procedimientos.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Mª del Carmen Fernández Morante; Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-C7 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	El alumnado manifiesta su desconocimiento de que pueden participar en las comisiones de título a través de los delegados/as de curso.
Definición/ descripción proposta	<p>Mejorar la comunicación al alumnado sobre la figura de los delegados/as de curso (elección, tareas, comisiones en las que puede participar?) Formar a los delegados/as para que conozcan el SGIC y motivar su participación en las comisiones de título.</p> <p>Se contará con el apoyo del Decanato y Vicedecanato de Estudiantes y compartirán la responsabilidad de su implantación las coordinaciones de título y de curso.</p>
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: En construcción; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-C7.1
Descrición tarefa	<p>Elección formal de delegados de curso con explicación detallada por parte de los coordinadores/as de curso de las tareas y funciones que deben asumir y de las comisiones en las que pueden participar.</p> <p>Se responsabilizará de su implantación el Vicedecano de estudiantes y lxs coordinadorxs de título.</p>
Data prevista de finalización	30/11/2016
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

Tarefa2	AM-C7.2
Descrición tarefa	Formación a los delegados/as para que conozcan el SGIC. Se responsabilizará de su implantación el Vicedecano de estudiantes y lxs coordinadorxs de título y curso además de la vicedecana con responsabilidad en calidad.
Data prevista de finalización	28/02/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa3	AM-C7.3
Descrición tarefa	Motivar la participación de los delegados/as de curso en las comisiones de título. Apoyarán esta acción lxs coordinadorxs de título.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

ANEXO I. Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 14, de 26 de xaneiro de 2017

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Aznar Cuadrado, Virginia; Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco; Díaz Rodríguez, M^a Carmen; Fernández López, Isabel; Fernández Rio, Miguel Ángel; Fiuza Asorey, M^a José; Garrido Filgueira, Uxía; López Rúa, Paula; Otero Urtaza, Eugenio; Pena Presas, Montserrat; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Silvosa Costa, Francisco Xosé; Souto Gómez, Montserrat; Veiga Alonso, Xosé Ramón; Viña Rouco, M^a Mar.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Fernández Fernández, Pilar

Día: 26 de xaneiro de 2017

Hora: 17:00 horas

Lugar: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.
2. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.
3. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.
4. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
5. Plan de Melloras do Centro 2016-2017

1. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.

A comisión aprobou o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co modelo recollido na guía de seguimento de títulos oficiais da ACSUG e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos

Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido, tendo en conta unha serie de evidencias e indicadores. A este respecto, o informe contén a reflexión sobre as catro evidencias seguintes, que se recollen no ANEXO 1:

a) Evidencia 3 (E3 – Criterio 1. Organización e desenvolvemento), relativa á análise e reflexión sobre o perfil real de ingreso/egreso, tendo en conta os informes e indicadores dispoñibles.

b) Evidencia 10 (E10 – Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade; Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento), relativa á análise e reflexión sobre as distintas enquisas de satisfacción, agás as correspondentes coa docencia, cuxa reflexión recóllese na evidencia E13.

c) Evidencia 13 (E13 – Criterio 4. Recursos humanos), relativa á análise e reflexión sobre as enquisas de avaliación da docencia recibida e impartida.

d) Evidencia 19 (E19 – Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento), relativa á análise e reflexión sobre os resultados do título, incluídos os indicadores de inserción laboral.

3. Plan de Melloras. Apróbanse as seguintes accións de mellora do título para o curso 2016-2017, derivadas do Plan de Melloras formulado a propósito do Informe para a renovación da acreditación do título:

AM-01. Establecer unha programación concreta das reunións da Comisión de Coordinación Intercentros e concretar o seguimento da acción.

AM-02. Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.

AM-03. Establecer o protocolo de organización do Prácticum que, unha vez contrastado, será recollido na guía ou plan xeral do Prácticum.

AM-04. Establecer contacto cos titores externos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. Establecer mecanismos de información aos titores externos en relación coa memoria de prácticas e a cualificación obtida. Mellorar a eficacia das reunións periódicas cos titores externos.

AM-05. Dirixirse á Oficina Web e ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) para que resolvan as deficiencias observadas na información que aparece na páxina web da Facultade.

AM-06. Elaboración dun estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título.

4. Modificacións do plan de estudos

2. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.

A comisión aprobou o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co modelo recollido na guía de seguimento de títulos oficiais da ACSUG e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido, tendo en conta unha serie de evidencias e indicadores. A este respecto, o informe contén a reflexión sobre as catro evidencias seguintes, que se recollen no ANEXO 2:

a) Evidencia 3 (E3 – Criterio 1. Organización e desenvolvemento), relativa á análise e reflexión sobre o perfil real de ingreso/egreso, tendo en conta os informes e indicadores dispoñibles.

b) Evidencia 10 (E10 – Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade; Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento), relativa á análise e reflexión sobre as distintas enquisas de satisfacción, agás as correspondentes coa docencia, cuxa reflexión recóllese na evidencia E13.

c) Evidencia 13 (E13 – Criterio 4. Recursos humanos), relativa á análise e reflexión sobre as enquisas de avaliación da docencia recibida e impartida.

d) Evidencia 19 (E19 – Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento), relativa á análise e reflexión sobre os resultados do título, incluídos os indicadores de inserción laboral.

3. Plan de Melloras. Apróbanse as seguintes accións de mellora do título para o curso 2016-2017, derivadas do Plan de Melloras formulado a propósito do Informe para a renovación da acreditación do título:

AM-01. Comunicar formalmente aos departamentos e aos decanatos todas as incidencias que se detecten en relación coa coordinación entre docentes que imparten unha mesma materia.

AM-02. Establecer unha programación concreta das reunións da Comisión de Coordinación Intercentros e concretar o proceso de seguimento da acción.

AM-03. Establecer o protocolo de organización do Prácticum que, unha vez contrastado, será recollido na guía ou plan xeral do Prácticum.

AM-04. Realización de experiencias piloto de coordinación (titorías virtuais, colaboracións docentes...) deseñadas desde a titulación que poidan, de resultaren exitosas, ser consideradas exemplos de boas prácticas na Facultade e ser posteriormente extrapoladas á titulación.

AM-05. Revisión, establecemento da versión definitiva e solicitude das modificacións pertinentes da MVT.

AM-06. Elaboración dun estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título.

AM-07. Promover formas de colaboración máis continuada entre o profesorado dos centros de prácticas e as Facultades.

4. Modificacións do plan de estudos

3. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

A comisión aprobou o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión académica do título, de acordo co modelo recollido na guía de seguimento de títulos oficiais da ACSUG e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido, tendo en conta unha serie de evidencias e

indicadores cuxa reflexión aparece recollida no ANEXO 3.

3. Plan de Melloras. Apróbanse as seguintes accións de mellora do título para o curso 2016-2017, derivadas do Plan de Melloras formulado a propósito do Informe para a renovación da acreditación do título:

AM-01. Aplicación da ferramenta de avaliación de resultados da aprendizaxe.

AM-02. Establecemento dun protocolo para a presentación do informe do Traballo Fin de Máster.

AM-03. Establecemento dun protocolo de tutoría dos estudantes.

AM-04. Nova materia optativa.

AM-05. Desenvolvemento das prácticas externas (mellora dos protocolos e institucións colaboradoras).

AM-06. Organización de actividades internacionais (Potes, Cantabria).

AM-07. Creación dun grupo de innovación docente.

4. Modificacións do plan de estudos

4. Informe anual de seguimento (2015-2016) do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

A comisión aprobou o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión académica do título, de acordo co modelo recollido na guía de seguimento de títulos oficiais da ACSUG e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido, tendo en conta unha serie de evidencias e indicadores. A este respecto, o informe contén a reflexión sobre as catro evidencias seguintes, que se recollen no ANEXO 4:

a) Evidencia 3 (E3 – Criterio 1. Organización e desenvolvemento), relativa á análise e reflexión sobre o perfil real de ingreso/egreso, tendo en conta os informes e indicadores dispoñibles.

b) Evidencia 10 (E10 – Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade; Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento), relativa á análise e reflexión sobre as distintas enquisas de satisfacción, agás as correspondentes coa docencia, cuxa reflexión recóllese na evidencia E13.

c) Evidencia 13 (E13 – Criterio 4. Recursos humanos), relativa á análise e reflexión sobre as enquisas de avaliación da docencia recibida e impartida.

d) Evidencia 19 (E19 – Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento), relativa á análise e reflexión sobre os resultados do título, incluídos os indicadores de inserción laboral.

3. Plan de Melloras. Apróbanse as seguintes accións de mellora:

AM-01. Os departamentos, coordinadores de área e profesores responsables revisarán as guías das materias correspondentes, actualizando os aspectos necesarios.

AM-02. Buscar no calendario posibilidades de mellor ubicación do Prácticum I

AM-03. Matizar o indicador referido á porcentaxe de profesorado con sexenios, doutor e funcionario, ou compensalo con outros nos que se recollan as particularidades do máster

AM-04. Intentar axustar os indicadores de inserción laboral ao carácter profesionalizador do máster.

AM-05. Buscar formulas que axilicen o proceso para rematar o TFM e intentar diminuír a bolsa de TFM pendentes.

AM-06. Mellorar a coordinación do Máster.

5. Plan de Melloras do Centro 2016-2017

Apróbanse as seguintes accións de mellora propias do Centro:

AM-C-1. Actividades formativas (conferencias, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional.

AM-C-2. Adquisición de equipamento informático para a aula 28. Instalación de altosfalantes con amplificador para as aulas 22 e 24. Substitución parcial de equipamento audiovisual de aulas para docencia (dous canóns de videoproxección).

AM-C-3. Adquisición de equipamento para a aula de Música (instrumentos e soportes).


Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 19:00 horas.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás

ANEXO 1

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO **EVIDENCIA 3. ANÁLISE DO PERFIL REAL DE INGRESO/EGRESO**

Na Universidade de Santiago de Compostela, o grao en Mestre/a de Educación Infantil ofertou durante o curso 2015-16 un total de 166 prazas, distribuídas entre os dous centros onde se imparte o título: 90 prazas na Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) e 76 prazas na Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago).

Non obstante, segundo os datos proporcionados pola CIUG, o número de solicitudes superou amplamente estas cifras (393 na FFP-Lugo e 711 na FCE-Santiago), o que permitiu cubrir sobradamente a totalidade das prazas ofertadas: 92 alumnos matriculados na FFP-Lugo (102%) e 80 alumnos matriculados na FCE-Santiago (105%). Estes datos parecen confirmar que os estudos de Mestre/a de Educación Infantil continúan a ter unha elevada demanda entre a poboación que accede á universidade, tanto no campus de Lugo coma no de Santiago. Non obstante, o feito de que a matrícula de novo ingreso supere habitualmente as prazas ofertadas distorsiona a organización académica nos dous centros, tendo en conta a escasez de persoal docente e de espazos dispoñibles. Estas irregularidades xa foron postas en coñecemento da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) e, ademais, a Facultade de Ciencias da Educación reduciu nun 5% a súa oferta de prazas para o curso 2016-17 (acordo do Consello de Goberno da USC de 10 de marzo de 2016).

Polo que se refire ao perfil do alumnado de novo ingreso (2015-16), o primeiro que se observa é un forte desequilibrio por sexo, dado que o 88% dos matriculados na FFP-Lugo e o 99% na FCE-Santiago está constituído por mulleres.

En segundo lugar, constátase unha presenza sostida dos estudantes procedentes de Formación Profesional con respecto aos que acceden desde o Bacharelato. Así, no curso 2015-16, na FFP-Lugo matriculáronse por primeira vez 72 alumnos procedentes de Bacharelato (78%, nota media 6,554) y 20 procedentes da Formación Profesional (22%, nota media 7,340). A proporción de estudantes procedentes de Formación Profesional é aínda máis importante no caso da FCE-Santiago, xa que neste centro matriculáronse por primeira vez 52 alumnos procedentes de Bacharelato (68%, nota media 9,145) e 25 procedentes de Formación Profesional (32%, nota media 8,671).

Como pode observarse, a nota media de acceso é significativamente máis elevada no Campus de Santiago, o que repercute nos datos relacionados coa preferencia de estudos: na FFP-Lugo os estudantes matriculados neste título en 1ª opción representan o 44,6%, mentres que na FCE-Santiago esta proporción elévase ata o 93,8%. Do mesmo xeito, no curso que estamos a analizar (2015-16), durante o 1º prazo de matrícula a FFP-Lugo cubriu o 69% das prazas ofertadas, en tanto que a FCE-Santiago xa cubriu o 100% das prazas.

No tocante ao proceso de selección do alumnado de novo ingreso, non se require ningún requisito especial de acceso a esta titulación, á parte da normativa de xestión académica da USC que regula os procedementos de ingreso na universidade. Non

obstante, a Memoria de verificación do título recolle unha serie de recomendacións en relación con certas características persoais e académicas relacionadas coa formación de mestres e mestras de educación infantil, nomeadamente o interese por todos os aspectos referidos á cultura e a infancia, compromiso social, compromiso ético, curiosidade científica e habilidade para as relacións interpersoais.

Finalmente, se ben a titulación non presenta problemas en relación co número total de alumnos matriculados, si advertimos unha escasa capacidade de captación de alumnado procedente de fóra de Galicia. Desde esta perspectiva, o alumnado galego representa o 95,6% e o 97,5% do total na FFP-Lugo e na FCE-Santiago, respectivamente. O feito de que a maior parte dos campus universitarios españois ofrezan esta titulación explica suficientemente esta circunstancia. Por outra banda, no curso 2015-16 non houbo estudantes estranxeiros matriculados neste título. É evidente que cómpre seguir esforzándonos para lograr unha maior participación dos estudantes deste título nos programas de mobilidade, malia que as circunstancias sexan moi desfavorables pola nula ou escasa axuda económica que reciben estes intercambios por parte das diferentes administracións.

Polo que se refire ao perfil de egreso dos estudantes do título, son escasos os datos proporcionados pola USC a este respecto. Ademais, refírense ao curso 2014-15 e o cuestionario autoadministrado só foi respondido por un total de 20 persoas, o que representa unha taxa de resposta do 11,90%, polo que entendemos que os resultados obtidos teñen escasa significatividade.

En todo caso, os resultados completos da enquisa analízanse a propósito da Evidencia 10 (Análise das enquisas de satisfacción), polo que neste punto centrarémonos exclusivamente na valoración da adquisición de competencias.

Neste senso, os egresados de ambos centros amósanse bastante satisfeitos coa formación recibida (3,55, fronte a unha media USC de 3,11) e coa adquisición das competencias propias do título (3,54, cando a media USC é 3,36), en especial coas que derivan da realización do Prácticum (4,65, mentres que a media USC de satisfacción coas prácticas externas baixa ata 3,89), o que os leva a recoñecer que esta titulación cumpriu as expectativas xeradas antes de tela comezado nun índice (3,35) superior á media dos títulos que oferta a USC (3,11).

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE
CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO
EVIDENCIA 10. ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

a) Satisfacción do persoal de administración e servizos (2015-16)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Media USC
Posto de traballo	4,09	1,91	3,48
Dirección da Unidade	4,31	2,50	3,41
Comunicación	3,96	2,44	3,33
Espazos e recursos	3,69	2,50	3,31
Formación	3,50	1,67	3,11
Implicación na mellora	3,50	4,00	3,62
Satisfacción	4,13	3,00	3,60

Os datos de satisfacción do persoal de administración e servizos da FFP-Lugo (cunha participación do 61,5%) superan a media da USC en todos aspectos considerados, agás no apartado de “implicación na mellora”, exactamente o contrario do que ocorre na FCE-Santiago, onde este aspecto é o único que destaca por riba da media da universidade, se ben é certo que só participou na enquisa o 18,8% do PAS do centro.

b) Satisfacción dos egresados (2014-15)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Titulación	Media USC
Coa formación recibida	3,33	3,64	3,55	3,11
Coa adquisición de competencias	3,61	3,51	3,54	3,36
Co Prácticum	4,00	4,85	4,65	3,89
Cos programas de mobilidade	4,00	4,50	4,40	4,06
Coas expectativas previas	3,33	3,36	3,35	3,11
Co profesorado	3,67	3,50	3,55	3,15
Coa organización académica	3,33	3,43	3,40	2,95
Coas actividades de acollida	3,33	3,31	3,32	2,90
Coas infraestruturas e materiais	2,67	2,14	2,30	2,89
Cos recursos e servizos	3,83	3,35	3,50	3,66
Coa información e xestión académica	3,32	3,10	3,16	3,13
Coas reclamacións ante o Decanato	4,00	3,50	3,56	2,80

Os egresados de ambos centros expresan índices de satisfacción superiores á media da USC no que se refire á formación recibida na titulación, adquisición de competencias, programas de mobilidade, expectativas creadas antes de comezar os estudos, profesorado da titulación, organización académica (horarios, calendario de exames,

etc.), información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro, atención recibida no caso de ter presentado algunha reclamación ante o Decanato, pero, sobre todo, en relación coa realización do Prácticum.

Por outra banda, é bastante lóxico que os egresados das dúas Facultades se amosen disconformes coas infraestruturas e materiais dispoñibles, tendo en conta os problemas existentes neste senso en ambos centros. No caso da FCE-Santiago, a queixa esténdese ao aspecto relacionado cos recursos e servizos, así como á información e xestión académica.

En calquera caso, os cuestionarios cubertos por este colectivo só representan o 8,57% na FFP-Lugo e o 14,29% na FCE-Santiago, é dicir, o 11,90% do conxunto do título.

A satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia recibida e impartida, respectivamente, anlázanse na Evidencia 13. Aos efectos dunha presentación e reflexión sintéticas dos niveis de satisfacción destes colectivos, na Evidencia 13 tamén se comenta a satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade e a satisfacción do profesorado coa formación recibida.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

EVIDENCIA 13. ANÁLISE DAS ENQUISAS DE AVALIACIÓN DA DOCENCIA

a) Satisfacción do alumnado

		FFP-Lugo	FCE-Santiago	Título	Media USC
Coa docencia recibida	2011-12	3,96	3,77	3,86	3,70
	2012-13	3,94	3,83	3,89	3,70
	2013-14	4,03	3,79	3,90	3,78
	2014-15	4,31	3,94	4,13	3,81
	2015-16	4,13	4,03	4,09	-
Coas prácticas externas (Prácticum)	2012-13	4,39	4,05	-	-
	2013-14	4,26	3,96	3,90	3,85
	2014-15	4,33	4,15	4,01	4,01
	2015-16	4,10	4,16	4,08	-
Cos programas de mobilidade	2013-14	-	3,12	-	3,66
	2014-15	-	3,92	-	3,58
	2015-16	3,14	3,60	3,46	3,71

Na FFP-Lugo, observamos como a satisfacción do alumnado coa docencia recibida mantívose sempre en valores altos, superando o valor de 4,0 nos tres últimos cursos. De maneira semellante, este indicador subiu desde 3,77 ata 4,03 na FCE-Santiago en 2015-16. Dentro desta valoración positiva, habitualmente superior á media da USC, os aspectos mellor cualificados son os referidos á explicación do programa e criterios de avaliación, o cumprimento do plan de traballo previsto, a proposta de actividades para favorecer a aprendizaxe autónoma, a resolución de dúbidas, a comunicación cos

estudantes e a axuda recibida nas titorías. Pola contra, o aspecto que merece unha valoración inferior refírese sobre todo a grao de coordinación entre o profesorado que comparte a docencia dalgunha materia.

En calquera caso, estes datos son especialmente relevantes se consideramos que a porcentaxe de participación nas enquisas realizadas adoita ser bastante superior á media de participación na USC para as titulacións de grao. E máis aínda se temos en conta os severos déficits de profesorado da maior parte das áreas de coñecemento implicadas na docencia do título. Para o conxunto do título a ratio de estudantes por profesor a tempo completo é de 9,40 (6,46 de media na USC); a media de alumnos por grupo de teoría é de 60,98 (47,37 de media na USC), e a media de alumnos por grupo de docencia interactiva é de 25,75 (19,62 de media na USC). Son datos suficientemente expresivos que dan maior valor á satisfacción amosada polos estudantes.

O alumnado tamén se amosa globalmente satisfeito co Prácticum realizado (4,10 na FFP-Lugo e 4,16 na FCE-Santiago no último curso), destacando especialmente a súa utilidade na formación inicial, as actividades desenvolvidas e a atención titorial recibida, se ben critica a escasa duración dos períodos de prácticas. Non obstante, é razoable agardar unha mellora neste aspecto concreto porque a 2ª edición do título, que se empezou a desenvolver no curso actual, xa contempla unha maior duración dos períodos de prácticas. En todo caso, o nivel de participación na enquisa de satisfacción foi escaso (13,53% na FFP-Lugo e 7,69% na FCE-Santiago no curso 2015-16).

No tocante á satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, o primeiro que cómpre apuntar é a moi escasa participación do alumnado do título nos programas de intercambio, que non chegou ao 3% do total de matriculados no curso 2015-16, cun índice de satisfacción de 3,46 (sobre 5) para o conxunto do título, o que significa que os poucos estudantes que participan nos programas de mobilidade valora positivamente a súa contribución á formación dos futuros mestres.

b) Satisfacción do profesorado

		FFP-Lugo	FCE-Santiago	Título	Media USC
Coa docencia impartida	2012-13	3,85	3,70	3,76	-
	2013-14	3,80	3,80	3,80	3,76
	2014-15	3,79	3,83	3,81	-
	2015-16	3,87	3,94	3,91	-
Coas prácticas externas (Prácticum)	2012-13	3,87	3,80	-	-
	2013-14	4,20	3,96	4,06	4,02
	2014-15	3,85	3,80	3,84	4,23
	2015-16	4,16	3,90	4,02	4,18
Participación do PDI nos cursos de formación (%)	2012-13	37,84	24,49	30,23	-
	2013-14	43,14	20,00	29,75	-
	2014-15	42,86	24,05	31,25	-
	2015-16	43,48	30,00	35,34	-

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida supera o nivel de 3,70 en todos os casos, cun nivel de participación na enquisa bastante alto (60,42% na FFP-Lugo e 46,67% na FCE-Santiago). Os docentes expresan valoracións moi positivas para case todos os aspectos incluídos no cuestionario, centrando as súas queixas no nivel co que chega o alumnado en relación coas esixencias dos contidos das materias, na coordinación entre as distintas materias do título, e na dispoñibilidade de materiais, servizos e recursos de apoio á docencia existentes na universidade e nos propios centros.

Cando o profesorado actúa como supervisor ou titor académico do Prácticum tamén amosa un elevado grao de satisfacción (sempre igual ou superior a 3,80) cos programas de prácticas externas, aínda que nos dous últimos cursos este indicador quedou por debaixo do promedio da USC. Quizais non resulte alleo a esta circunstancia o considerable descontento entre o profesorado polo escaso recoñecemento académico das tarefas de supervisión do Prácticum e o nulo recoñecemento das tarefas de coordinación das materias de prácticas. En todo caso, destaca a valoración das tarefas realizadas polo alumnado en relación coas competencias profesionais da titulación, o grao de cumprimento das prácticas por parte dos estudantes e as propias tarefas desenvolvidas como titor académico do Prácticum. Pola contra, cuestiónanse nalgún caso aspectos relacionados coa coordinación e comunicación cos centros colaboradores, ou co desenvolvemento do programa de prácticas externas (información, xestión, coordinación, etc.). O nivel de participación nesta enquisa de satisfacción (curso 2015-16) foi bastante alto no caso da FFP-Lugo (41,67%), pero menos na FCE-Santiago (20,0%).

De maneira semellante ao comentado para o caso da satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, no que afecta ao profesorado, escaso e precarizado en boa medida, tamén compre valorar o seu compromiso e implicación no desenvolvemento da titulación, tal como se recoñece no informe final de renovación da acreditación do título. Téñase en conta que a proporción de PDI funcionario sobre o PDI total é do 35,64%, fronte ao 64,67% de media da USC.

Por outra banda, o profesorado da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, á que pertence esta titulación, é o máis comprometido coa participación nos cursos organizados desde o Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC. A participación do profesorado do título na FFP-Lugo mantense en porcentaxes semellantes nos últimos cursos (normalmente superiores ao 40%); a participación do profesorado da FCE-Santiago é máis variable, oscilando entre un mínimo do 20% e un máximo superior ao 60%. En todo caso, os datos dispoñibles amosan unha satisfacción global alta dos participantes nos cursos de formación e innovación, e non se aprecian grandes diferenzas nas valoracións medias dos últimos anos en canto á organización nin na percepción da aprendizaxe.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

EVIDENCIA 19. ANÁLISE DOS RESULTADOS DO TÍTULO

		FFP-Lugo	FCE-Santiago	Intercampus	Media USC
Taxa de rendemento	2010-11	87,08	80,29	83,16	69,10
	2011-12	91,68	86,79	89,10	72,80
	2012-13	93,11	88,76	90,67	76,50
	2013-14	92,27	92,91	90,67	76,89
	2014-15	92,65	91,54	92,02	76,57
	2015-16	91,91	92,19	92,06	76,79
Taxa de éxito	2010-11	93,31	91,10	92,21	82,30
	2011-12	96,23	93,54	94,83	83,70
	2012-13	96,01	95,31	95,65	85,10
	2013-14	95,01	96,57	95,65	85,95
	2014-15	95,23	96,67	96,03	85,70
	2015-16	95,88	97,34	96,66	86,20
Taxa de avaliación	2010-11	93,32	88,13	90,18	83,90
	2011-12	95,27	92,79	93,96	87,00
	2012-13	96,98	93,13	94,80	89,90
	2013-14	97,12	96,21	94,80	89,46
	2014-15	97,29	94,69	95,82	89,35
	2015-16	95,86	94,71	95,24	89,08
Taxa de graduación	2014-15	78,26	77,01	77,65	46,28
	2015-16	68,97	94,12	81,40	54,99
Duración media dos estudos	2014-15	4,18	4,14	4,16	4,46
	2015-16	4,12	4,22	4,18	4,82
Eficiencia dos titulados	2013-14	98,36	97,83	-	95,64
	2014-15	96,91	96,93	96,92	92,32
	2015-16	-	-	-	-
Taxa de abandono durante o primeiro curso	2012-13	10,99	11,49	-	-
	2013-14	22,99	-4,71	-	14,48
	2014-15	19,28	12,05	15,66	15,08
	2015-16	15,87	2,74	8,82	14,98
Taxa de abandono RD 1393	2012-13	-	-	11,73	25,72
	2013-14	-	-	-	-
	2014-15	16,30	18,39	17,32	26,15
	2015-16	26,44	2,35	14,53	23,19

Como se observa, as taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación continúan a ser moi superiores ás respectivas medias da USC. Especialmente significativa resulta a comparación das taxas de graduación: 81,40 para esta titulación fronte a 54,99 de media na USC. Do mesmo xeito, a duración media dos estudos deste grao (4,18) resulta claramente inferior ao promedio das titulacións semellantes da USC (4,82).

Unha análise máis detallada revélanos igualmente taxas satisfactorias para as distintas materias que compoñen o plan de estudos, na medida en que boa parte delas alcanzan unha taxa de éxito do 100% e só unha pequena proporción ofrece taxas inferiores ao 90%. Resultan moi significativas as taxas de éxito do Prácticum e TFG, que chegaron ao 100% no curso 2015-16.

Moito menos satisfactorios resultan os datos relativos ao curso ponte, que contou con 10 alumnos matriculados en cada centro no curso 2015-16. Taxa de éxito: 46,43% na FFP-Lugo e 93,44 na FCE-Santiago. Taxa de rendemento: 39,00% na FFP-Lugo e 58,76 na FCE-Santiago. Taxa de avaliación: 84,00% na FFP-Lugo e 62,89 na FCE-Santiago.

Polo que se refire á inserción laboral dos titulados, a táboa seguinte reflicte a situación correspondente á cohorte de egresados 2013-2014 (total 144).

1 ano despois de egresar (23 marzo 2015)										2 anos despois de egresar (23 marzo 2016)									
Taxa afiliación	Porcentaxe autónomos	Contrato		Xornada laboral			Grupo cotización			Taxa afiliación	Porcentaxe autónomos	Contrato		Xornada laboral			Grupo cotización		
		Porcentaxe indefinidos	Porcentaxe temporais	Porcentaxe tempo completo	TP: máis de media xornada	TP: menos de media xornada	Universitario	Medio, non manuais	Baixo e manual			Porcentaxe indefinidos	Porcentaxe temporais	Porcentaxe tempo completo	TP: máis de media xornada	TP: menos de media xornada	Universitario	Medio, non manuais	Baixo e manual
25,0	5,6	17,6	82,4	38,2	29,4	32,4	32,4	29,4	38,2	46,5	4,5	14,0	86,0	43,8	21,9	34,4	43,1	12,3	44,6

Porcentaxes

Fonte: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIU (Ministerio de Educación)

Os resultados de inserción laboral do alumnado egresado amosan unha taxa de afiliación á Seguridade Social do 25% no primeiro ano despois de rematar os estudos, cifra que ascende ao 46,5% no segundo ano despois de egresar. Outra conclusión interesante que se tira a partir da información dispoñible é a temporalidade dominante (superior ao 80%) nos contratos dos egresados durante os dous primeiros anos despois de concluír os seus estudos. Ademais, igualmente dous anos despois de egresar, o 44,6% dos afiliados pertencen ao grupo de cotización baixo e manual, o que reflicte unha forte incidencia da sobreacreditación. Afortunadamente, unha proporción algo inferior (43,1%) comprende os traballadores que cotizan de acordo co nivel universitario e, xa que logo, directamente relacionado co seu nivel de formación.

ANEXO 2

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO EVIDENCIA 3. ANÁLISE DO PERFIL REAL DE INGRESO/EGRESO

	Prazas ofertadas 2015-2016	Matricula novo ingreso	Matricula 1º por primeira vez	Preinscritos 1ª opción 1ª vez dividido entre prazas ofertadas
FCE Santiago	133 (ano anterior 140)	180	149	83.46%
FFP Lugo	90	110	87	53.33%
Total	223 (ano anterior 230)	290	236	71.30%

Como podemos observar nos datos expostos, o título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria mantén un interese no noso contexto social. O cupo de prazas ofertadas viuse superado polo número de alumnado finalmente matriculado (procedemento de adscrición da CIUG). Os datos confirman que a demanda crecente de prazas na titulación, tanto no Campus de Santiago como no de Lugo, é unha constante.

Desde o curso 2012-13 levouse a cabo unha diminución do número de prazas ofertadas (140 en Santiago e 90 en Lugo) para poder atender axeitadamente ao alumnado tendo en conta os espazos dispoñibles, as metodoloxías docentes, o número de profesores/as e o curso ponte. Malia esta medida, neste curso seguimos a ter un número de alumnos moi elevado. Consideramos a necesidade de tomar as medidas oportunas para que o número de alumnado admitido sexa acorde cos recursos dispoñibles: espazos e profesorado.

Nota media de acceso por preinscrición

	2013-14	2014-15	2015-16
FCE Santiago	8.19	8.42	8.68
FFP Lugo	7.03	6.83	7.20
Total	7.72	7.80	8.11

Observamos un incremento da nota media de acceso ao Grao, o que ven a incidir no dato do incremento do atractivo e interese para o futuro alumnado. A titulación mantén este interese, contemplado xa na memoria de verificación que vén xustificado tanto pola traxectoria da USC na formación destes profesionais como pola validez e preparación dos estudantes, cuestión demostrada polos informes de avaliación dos titores externos (profesores en activo) que colaboran nas materias de Prácticum da titulación, e dos informes de satisfacción do alumnado e do profesorado.

Nos datos relativos á captación do alumnado procedente de fóra de Galicia aprécianse unhas porcentaxes baixas. Os alumnos procedentes doutras comunidades dentro do territorio español oscilan entre o 2.03% de Santiago e o 2.34% de Lugo. Isto pode explicarse debido a que existe unha oferta moi ampla de universidades, públicas e

privadas, que ofrecen os seus servizos para a formación do alumnado nesta titulación de Grao, polo que os estudantes prefiren cursar a titulación nos centros máis próximos ao seu domicilio.

Respecto do mesmo dato para os estudantes estranxeiros, Santiago ten matriculado neste curso un 0.29% de alumnos e Lugo un 0.26%. Neste caso entendemos que o alumnado estranxeiro prefire permanecer nos centros propios do país de residencia debido á conexión contextual e cultural que os estudos de Mestre requiren e que se reflicte no seu currículum como a análise de contextos culturais específicos de aprendizaxe, o marco legislativo propio de cada país, as características particulares das institucións educativas, etc.

Respecto do alumnado egresado: a porcentaxe de alumnado que remata os estudos no tempo previsto é en Santiago o 82.64%, e en Lugo o 79.52%, sendo o total o 81.50%. A duración media dos estudos no Campus de Santiago é de 4.19 anos e en Lugo de 4.22, o que fai un total de 4.20 para o conxunto da titulación. Os datos amosan un bo desenvolvemento curricular e unha boa xestión dos elementos e ferramentas que apoian ese proceso.

Este ano contamos con novos indicadores para analizar o perfil de egreso. A taxa de éxito entendida como relación porcentual entre o número de créditos superados e o número total de créditos presentados é, para o total da titulación (Santiago e Lugo), do 93.13%. A de idoneidade na graduación, que é a que sinala a porcentaxe de estudantes que rematan no tempo previsto no plan de estudos, é do 68.28%. Por último, a taxa de eficiencia, que expresa a relación porcentual entre o total de créditos superados e total de créditos matriculados, é do 97.03%. O proceso sistemático da recollida desta información vainos aportar nos próximos cursos a posibilidade de facer unha análise máis exhaustiva do perfil de egreso e establecer accións de mellora, se fose o caso.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

EVIDENCIA 10. ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

As enquisas de satisfacción realizadas están a contribuír á achega de datos que permitan un bo desenvolvemento do sistema de garantía de calidade, porque son ferramentas indispensables para recoller información precisa que sirva de base para o seguimento e a mellora continua da titulación.

Estamos a traballar para optimizar a adaptación e simplificación do SGIC, e a proba de isto é que cada vez son máis os colectivos implicados nos procesos formativos aos que se convida a colaborar a través da realización de enquisas. Estes procedementos están permitindo que estes colectivos se vexan implicados nos procesos de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora.

Neste senso, temos que falar da satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, que na FCE-Santiago é do 3.75 sobre unha nota máxima de 5, e na FFP-Lugo acada esa nota máxima. O total de satisfacción destes estudantes no curso académico 2014-2015 foi de 4.53, mentres que este ano é de 4,60. Os datos confirman un progresivo aumento do nivel de satisfacción do alumnado respecto deste servizo.

A participación en programas de mobilidade

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
FCE-Santiago	1.87%	1,84%	3.48%
FFP-Lugo	0.87%	0.27%	0.78%
Total	1.46%	1.30%	2,51%

Respecto do alumnado recibido en programas de mobilidade e malila o dito anteriormente en relación ao alumnado estranxeiro, as baixas porcentaxes de participación deste alumnado na titulación indican que debéramos estudar a forma de atraer este colectivo. É certo que os estudos de Mestre/a están moi vinculados ao contexto territorial no que se realizará a práctica profesional, pero ao marxe disto podemos ofertar unha formación complementaria atractiva que amplíe as competencias do alumnado procedente doutros países.

Alumnado recibido en programas de mobilidade

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
Santiago	1.71%%	0.85%	0.58%
Lugo	0.29%	0.54%	0.26%
Total	1.17%	0.74%	0.47%

O alumnado tamén amosa un alto grao de satisfacción respecto ás prácticas externas levadas a cabo durante as tres materias do Prácticum. A media dos alumnos da FCE-Santiago é de 4.19 e na FFP-Lugo é de 4.67, sendo o total entre os dous centros de 4.22. Constatamos un incremento deste dato de avaliación respecto dos anos previos, o que indica unha mellora dos criterios de adecuación desta ferramenta na formación profesional, académica e persoal do alumnado. Cabe destacar dentro deste mesmo apartado a alta valoración que fai das prácticas o profesorado externo que titoriza estas materias, cun total de 3.60 sobre 5.00. Non temos datos para o curso 2015-2016 para o apartado de valoración do profesorado académico (supervisores) que dirixen estas prácticas, pero nos informes estatísticos dos anos anteriores a media sempre é superior ou igual ao 2.95 tanto en Santiago como en Lugo.

A satisfacción é un elemento importante para testar a motivación do alumnado, xa que é un elemento fundamental para garantir unha aprendizaxe significativa. Sería interesante combinar esta variable coa medición dos resultados da aprendizaxe real do alumnado. Isto aportaría unha visión máis ampla da situación do estado da docencia.

A boa valoración do PAS (4.33 sobre unha nota máxima de 5.00) dos cursos formativos confirman que se están a desenvolver accións adecuadas para acadar niveis de calidade acordes cos obxectivos propostos neste senso, e que estas accións cumpren coas expectativas e necesidades dos participantes.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

EVIDENCIA 13. ANÁLISE DAS ENQUISAS DE AVALIACIÓN DA DOCENCIA

Antes de entrar a valorar este apartado debemos insistir, como se fixo en documentos anteriores, en que, debido a factores diversos herdados de situacións anteriores, a maior parte das áreas de coñecemento que teñen docencia neste título son moi deficitarias. Isto fai que as situacións sobrevidas no curso que teñen que ver con ausencias do profesorado distorsionen notablemente a docencia e a atención ao alumnado. Malia estas circunstancias, o alumnado amosa unha alta satisfacción coa docencia recibida.

Enquisa de valoración do alumnado sobre a docencia recibida

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
FCE-Santiago	3.75	3.87	3.85
FFP-Lugo	3.95	4.08	4.02
Total	3.83	3.95	3.93

O alumnado do Grao en Mestre/a de Educación Primaria amosa, nun estudo realizado ao abeiro da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia no ano 2015, que o seu nivel de adquisición de competencias xerais e de contidos en ámbitos como o currículo, a organización escolar ou as TIC, entre outros, supera as expectativas sinaladas na Memoria do título a este respecto.

Do mesmo modo, o propio profesorado expresa tamén unha boa satisfacción coa docencia impartida. Os indicadores mostran que mesmo nesta situación desfavorable que en orixe non ten que ver cos propios centros que imparten a titulación, podemos apreciar a existencia dun elevado grao de dedicación, compromiso e implicación da comunidade docente cos obxectivos formativos.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
FCE-Santiago	3.7	3.75	3.80
FFP-Lugo	3.6	3.84	3.80
Total	3.7	3.7	3.8

Este bo facer ten relación coa preparación dos docentes para afrontar o seu traballo e coa capacidade de optimizar os recursos tecnolóxicos, didácticos e de xestión, e é por isto que a formación permanente dos docentes é un indicador de calidade ao que debemos prestar moita atención.

O profesorado amosa un nivel alto de satisfacción en relación cos cursos de formación recibidos. Estimamos que este dato indica que a institución ofrécelle a posibilidade ao seu profesorado para que se actualice naqueles campos que estime oportuno a través da súa experiencia como profesional docente. Está, polo tanto, atendendo ás necesidades ou demandas do profesorado.

Dentro destas necesidades formativas do profesorado observamos un notable interese polos cursos que se relacionan con contidos propios do uso das tecnoloxías da información e comunicación.

PDI Interesado en la formación en TIC

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
FCE-Santiago	84.00%	53.57%	63.16%
FFP-Lugo	97.6%	96.43%	88.71%
Total	92.00%	75.00%	75,00%

PDI Interesado na formación didáctica e pedagóxica

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
FCE-Santiago	72.00%	51.79%	61.33%
FFP-Lugo	85.29%	85.71%	75.81%
Total	80.00%	68.75%	68.00%

Este tipo de cursos tamén resultan interesantes para o profesorado, tendo en conta a progresiva utilización destes recursos dentro do campo educativo en xeral, e particularmente co uso dos medios que a USC pon a disposición do profesorado para que utilice na súa docencia específica e na xestión doutras tarefas propias do ámbito docente.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

EVIDENCIA 19. ANÁLISE DOS RESULTADOS DO TÍTULO

Como xa se expuxo no primeiro punto, este ano contamos con novos indicadores para analizar o perfil de egreso: a taxa de éxito, a de idoneidade na graduación e a de eficiencia. Aínda que os datos analizados con anterioridade parecen amosar uns bos resultados, é o proceso que agora se segue de recollida sistemática o que nos vai permitir unha análise adecuada do perfil de egreso en relación cos resultados do título, a través do estudo da evolución da información obtida.

A revisión dos datos sobre a taxa de graduación indican que temos unha media superior á da USC, cun valor para o título próximo ao 75%, e unha taxa de abandono inferior ao 16%, inferior á da USC, que se sitúa no contorno do 26.5%

Tamén se constata que as taxas de éxito son moi elevadas para a maioría das materias que compoñen o título, alcanzando moitas delas o 100% no curso analizado.

Como xa se indicou con anterioridade, a duración media dos estudos é de 4.20 para a titulación, o que nos sitúa por debaixo da media da USC, que é de 4.46.

Os datos da inserción laboral dos egresados mostran que para o caso da FCE-Santiago (non dispoñemos de datos para a FFP-Lugo) o perfil do empregado afiliado no primeiro ano como graduado é para o 90% de traballo temporal e o 45.7% a tempo completo, cotizando como titulado universitario. O número de empregados afiliados á Seguridade Social aumenta ata un 40.7%, dos que o 87.5% teñen un traballo temporal e dos que o 73,1% cotizan como universitarios.

ANEXO 3

Reflexión de conxunto

A Comisión Académica do máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza acorda remitir o Informe Anual de Seguimento do curso 2015-2016 despois de examinar o estado das distintas dimensións da titulación conforme os indicadores, a información e experiencia acumulada e o o grao de cumprimento do plan de melloras solicitado no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do 30 de xuño de 2016 emitido pola ACSUG.

1.- Análise e avaliación de aspectos xerais máster DAEN.

- a) En referencia ao profesorado se fai constar que no curso pasado o máster conta cunha nova doutora, a profesora Dna. Montserrat Pena Souto que leu a tese o día 25 de xaneiro de 2016. Tamén se incorporou o doutor D. Javier López Quintáns como profesor asociado.

En conxunto o reparto da docencia obrigatoria e optativa, agás as consideracións pertinentes en relación co prácticum e o TFM, entre doutores e non doutores foi a seguinte:

	Doutores	Non doutores
Docencia obrigatoria	32,5 créditos 72,22%	12,5 créditos 27,78%
Docencia optativa	–	3 créditos 100%
Docencia recibida polos estudantes	32,5 créditos 67,80%	15,5 créditos 32,20%

O prácticum estivo coordinado polo profesor doutor D. Rubén Navarro Patón. O Tráballo Fin de Máster está tamén organizado polo citado profesor, en colaboración con D. Eugenio Otero Urtaza, coordinador do título. O 72,3% do profesorado é doutor, e neste curso dirixiron Tráballos Fin de Máster o 60% do profesorado. Participan na docencia 16 áreas de coñecemento e unha área externa ocupada por unha profesional cualificada da educación ao aire libre.

Cadro do profesorado no curso 2015-2016

Nome	Doutor	TFMs	Área
Dna. Virginia Aznar Cuadrado	Non	Si	Didac CC. Experimentais
Dna. Silvia Basanta Camiño	Non	Si	Área externa
Dna. Paloma Blanco Anaya	Si	Si	Didac CC. Experimentais
D. Vicente Blanco Mosquera	Si	Si	Didac. Expresión Plástica
Dna. Ana Cabana Iglesias	Si	Si	Historia Contemporánea
D. José Agustín Candisano Mera	Non	Non	Didac Expresión Musical
D. Salvador Cidrás Robles	Non	Si	Didac. Expresión Plástica
D. Miguel Cons Ferreiro	Non	Si	Didac. da Expresión Corporal
D. Jesús Domínguez Conde	Si	Non	Zooloxía
D. José Federico García Fernández	Non	Non	Economía Financeira

Dna. Beatriz Fernández Herrero	Si	Si	Filosofía Moral
Dna. Isabel Fernández López	Si	Si	Didac. da Ling. e da Literatura
D. Rufino González Fernández	Si	Non	Didac. e Organiz. Escolar
D. Javier López Quintáns	Si	Si	Didac. da Ling. e da Literatura
D. Federico López Silvestre	Si	Non	Historia da Arte
D. Agustín Merino García	Si	Non	Edafoloxía e Química Agrícola
D. Rubén Navarro Patón	Si	Si	Didac. da Expresión Corporal
D. Juan Ortiz Sanz	Si	Non	Enxeñería Agroforestal
D. Eugenio Otero Urtaza	Si	Si	Teoría e Hª da Educación
Dna. Montserrat Pena Presas	Si	Si	Didac. da Ling. e da Literatura
D. Pablo Ramil Rego	Si	Non	Botánica
D. Manuel A. Rodríguez Guitián	Si	Non	Producción Vexetal

- b) Resaltar que a taxa de afiliación dos seus egresados no curso 2013-2014 era o 23 de marzo de 2016 do 66,7%
- c) O Comisión Académica constata un sensible grao de insatisfacción dos estudantes co desenvolvemento das prácticas externas no curso 2015-2016 (2,29) que contrasta vivamente coa media dos anos anteriores (4,81).

Debatido este problema pola Comisión Académica se considera que as esixencias dos estudantes son agora máis altas e que, por outra parte, algunhas das institucións colaboradoras non cumpriron as expectativas de formación que se supoñía podían aportar.

Pola contra, a satisfacción dos titores externos é moi similar á media que neste ámbito mantén a USC para títulos de máster, aínda que algo inferior á media (4,33 fronte a 4,44) e asemade os titores académicos, aínda que amosan moita satisfacción, manteñen unha media lixeiramente inferior á media da USC (4,00 fronte a 4,33)

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida é algo inferior no seu valor medio en referencia aos cursos anteriores. Os estudantes dan un valor alto a resolución de dúbidas e a atención en titorías, mentres que consideran que falta coordinación nalgunhas das materias que contan con máis dun docente, sendo este ítem o que ten máis baixo puntaxe: 2,92. A media é de 3,46 aínda que a participación foi baixa 17,86%.

Contrasta esta baixa participación dos estudantes cunha maior implicación do profesorado (54,17%) que deu un puntaxe medio bastante alto, 4,02, que mellora o do curso 2013-14 que foi de 3,7. A taxa de éxito foi dun 100%, superior a última promoción do curso 2013-2014. A taxa de rendemento ofrece unha puntaxe baixa que non obstante recupera o índice de graduación que foi anormalmente baixo no curso 2013-2014. Tamén sinalar que a este baixo puntaxe do curso 2015-2016 contribuíu o abandono por parte de tres estudantes, no primeiro cuadrimestre.

Un dos puntos que se forneceu durante o curso 2015-2016 foi a súa proxección internacional. O máster recibiu en outubro de 2015 a profesora da Universidade de Cumbria Dra. Heather Prince, como consecuencia dunha acción anterior que resultou da participación dos profesores do máster, Vicente Blanco e Salvador Cidrás así como dun estudante programa de doutoramento, na 14 conferencia do *European Institute*

for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning (EOE) celebrada en Laugar in Sælingsdal (Islandia) entre o 3 e o 7 de novembro de 2014, que levaba o título "Under the open sky: Supporting young people's well-being through outdoor experience in formal and non formal education: European perspectives". Feito en colaboración coa "Association of Nature and Outdoor Schools" (SNU) de dito país e o Educational Research Institute da Universidade de Islandia no que foi o primeiro paso da internacionalización deste título.

A profesora Heather imparte docencia no máster Outdoor and Experiential Learning do Campus de Ambleside, que ten unhas características e metas no mesmo eido que o máster DAEN e foi posible facer un intercambio de experiencias na curta estancia que mantivo no Campus de Lugo en outubro de 2015, impartindo unha conferencia aos estudantes do máster e do programa de doutoramento en educación da USC, así como a súa participación activa na expedición que anualmente se efectúa ao Courel.

Asemade un primeiro acordo Erasmus coa Philipps-Universität Marburg permitiu facer una estancia curta no mes de febrero de 2016 en dita universidade do profesor Dr. D. Rubén Navarro Patón, quen acorda una visita ao campus de Lugo do profesor Dr. D. Martin Lindner para 2017.

Como consecuencia da visita se estableceu un contacto coa Universidade de Cumbria que permitiu unha acción conxunta entre un grupo de profesores e estudantes do máster DAEN e un grupo de profesores e estudantes do máster desa universidade que permitiu un encontro en Picos de Europa en maio de 2016. Neste encontro fixéronse varias actividades conxuntas e os profesores da universidade de Cumbria invitaron aos profesores do máster a asistir a unha reunión en Ambleside (Reino Unido) entre o 21 e 23 de setembro de 2016, coñecendo o funcionamento do programa TEOS, establecendo a base dun programa Erasmus para intercambio de profesores, e sendo invitados a participar na organización do vindeiro congreso da EOE en Plymouth (Reino Unido) entre o 28 de xuño e 2 de xullo de 2017.

Para desenvolver estas accións en colaboración coa Universidade de Cumbria se acorda crear unha nova materia optativa "Aprendizaxe Experiencial en Contornas Singulares".

2.- Indicadores do curso 2015-2016.

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Número alto de estudantes matriculados por existir unha bolsa importante pendente de presentar o Tráballo Fin de Master. Se ocuparon todas as prazas ofertadas (25+3). A nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos é alta: 7,89. Non poden establecerse comparacións por non ter datos de anos anteriores. Non obstante, destacar que a porcentaxe de estudantes de inicio de estudos que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis e do 100%. Non existen estudantes estranxeiros nin derivados de programas de intercambio. O 96,4% dos estudantes

proceden da comunidade autónoma galega, pero se cubre o 100% de prazas ofertadas, sendo o 80,56% egresados da USC. O máster ten capacidade de colocación de todos os estudantes para facer prácticas externas en empresas e institucións.

Se constata a necesidade de darlle unha mellor publicidade ao título fora de Galicia. Así como existe un problema para realizar intercambios de estudantes en programas de mobilidade, común aos títulos de máster da USC de duración anual, xa que todas as convocatorias fanse para o curso seguinte, o que impide de facto os intercambios.

Criterio 2. Información e transparencia

A información atópase na páxina web do máster e da USC, e tamén en redes sociais.

Información do máster na USC (información para estudantes, masters oficiais)

<http://www.usc.es/masteres/es/masteres/ciencias-sociales-juridicas/direccion-actividades-educativas-naturaleza>

Información do máster na páxina da Facultade de Formación do Profesorado

<http://www.usc.es/es/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&estudio=16541&codEstudio=15895&valor=9>

Información do máster na páxina web propia <http://www.masterdaen.es/>

Información do máster en facebook <https://www.facebook.com/master.daen>

Houbo tamén información a través de carteis e trípticos impresos (Vid. Actas)

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

A insatisfacción dos estudantes coas prácticas externas é un dato preocupante que a Comisión Académica toma en consideración e ao que lle está intentando dar resposta no actual curso académico 2016-2017 coa procura de novas institucións onde se podan desenvolver prácticas externas. Se constatou que algunhas das institucións escollidas para desenvolver prácticas non cumpriron coas expectativas dos estudantes.

Criterio 4. Recursos humanos

Constátase un importante aumento da porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título, que é constante desde o primeiro ano en que se impartiu o máster 2011-2012 (30,77%) ata o curso 2015-2016 (69,23%). O nivel de profesorado doutor mantense constante nun 70% con lixeiras variacións, que soen deberse a xubilacións e a súa substitución por persoal que non sempre pode ter continuidade, como se observa na porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total que pasou no mesmo período dun 42,31% a un 36,36%, así como na ratio de estudantes por profesor a tempo completo que subiu dun 1,21 a un 1,89. Os indicadores relacionados coa media de alumnos por grupo de teoría e por docencia interactiva son confusos xa que inclúen o curso 2014-2015, no que o máster non se impartiu. En realidade o máster funciona cun grupo teórico e un grupo de docencia interactiva que cun límite máximo de 25-28 estudantes, permite desenvolver unha axeitada formación. A satisfacción do profesorado coa promoción do curso 2015-2016 (4,01) é lixeiramente superior a da promoción de 2013-2014 (3,77).

A Comisión Académica considera necesaria a consolidación do persoal docente precario e a promoción do persoal permanente, xa que a estabilidade do PDI permite facer unha programación estratéxica e de afianzamento da titulación.

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

No se teñen datos relacionados con este criterio. Os recursos materiais son suficientes, e o programa ao aire libre foi cuberto cun financiamento adecuado para os desprazamentos con cargo a prácticas de campo e o convenio que ten a USC coa Deputación de Lugo. Este convenio permite facer algunhas accións complementarias,

invitar a profesores conferenciantes e realizar actividades prácticas ao aire libre con certa folgora.

Criterio 6. Resultados da Aprendizaxe

Os porcentaxes seguen estando en conformidade coas previsións da memoria do título. Lémbrese que no curso 2014-2015 non se desenvolveu o máster e que os indicadores dese ano reflicten una situación excepcional que refírese unicamente a estudantes que remataron ese ano a titulación. No caso da taxa de rendemento a puntaxe débese ao retraso dos estudantes en presentar o seu Traballo Fin de Máster, que en ocasións lévalles unha preparación coidadosa, e o presentan no seguinte curso académico. Na taxa de graduación, obsérvase a baixada do ano en que o master non se impartiu. Non se aportan datos para o curso 2015-2016 pero da alta lectura de TFMs se infire que os datos non sexan inferiores ao curso 2013-2014

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Taxa de rendemento	94,31	93,91	88,69	35,29	87,72
Taxa de éxito	99,64	99,82	100,00	100,00	99,80
Taxa de avaliación	94,66	94,09	88,69	35,29	87,89
Taxa de graduación		86,21	82,14	53,33	-
Taxa de eficiencia	100,00	98,96	93,39	90,91	96,47
Duración media estudos	1,00	1,11	1,67	2,00	1,31

A taxa de eficiencia é tamén moi alta 96,47%. En toda case tense en conta que tres estudantes abandonaron os estudos antes de comezar o segundo cuatrimestre.

O máster conta actualmente cun instrumento sobre adquisición de competencias que será aplicado por primeira vez en 2017.

A Comisión Académica indagará nas razóns de aqueles estudantes que aínda non presentaron o seu Traballo Fin de Máster.

Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	-	4,81	-	2,29
Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	-	-	-	4,16
Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,30	4,00	-	4,20
Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	100,00	100,00	100,00	100,00
Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	37,04	31,82	44,44	69,23
Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	77,78	77,27	75,00	68,18
Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	40,74	40,91	33,33	36,36
Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	1,32	1,29	1,27	1,89

A Comisión constata que no curso 2015-2016 houbo una escasa satisfacción dos

estudantes coas practicas externas e terase máis coidado na asignación de institucións para realizalas. A xubilación dunha profesora funcionaria doutora, e a súa substitución por un profesor asociado non doutor, provocou esa pequena diminución do PDI doutor, que compensouse porque unha profesora do máster defendeu a súa tese, polo que a porcentaxe de PDI doutor foi dun 72,3%.

3.- Estado de cumprimento do Plan de Melloras

A Comisión Académica fai unha reflexión sobre o grao de cumprimento do plan de melloras solicitado no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación de 30 de xuño de 2016 emitido pola ACSUG.

1.- Dimensión 1. Xestión do título.

Criterio 1. Organización e desenvolvemento.

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación se indica que é necesario desenvolver catro accións de mellora de obrigado cumprimento que fan referencia a este criterio

AM-01. Continuar con el desarrollo y diseño de actividades que impliquen dar prioridad a las competencias relacionadas con la capacidad para asumir liderazgos del alumnado, de manera que se favorezca su perfil de egreso.

- Continuar con el diseño e implementación de actividades prácticas que impliquen dar prioridad a las competencias relacionadas con la capacidad para asumir liderazgos del alumnado.
- Incluir en las guías docentes la necesidad de que los alumnos diseñen, organicen y dirijan las actividades que se indican para su formación.

- **AM-02.** Establecer el protocolo de organización del Prácticum que, una vez contrastado será recogido en una guía general del Prácticum.

- Incluir en la página web un listado de los organismos autorizados para realizar prácticas.
- Definir el calendario anual de solicitud y asignación del Prácticum y difundirlo para garantizar la transparencia.

- **AM-03.** Orientar mejor las propuestas del Trabajo Fin de Máster (TFM) y establecer una rúbrica para su evaluación.

- Nombrar los tutores de los TFM antes del mes de enero.
- Establecer una rúbrica orientadora para la evaluación del TFM.

- **AM-06 de la Memoria de Calidad 2014/2015.** Crear equipos de trabajo para desarrollar la coordinación entre las materias que conforman cada módulo del plan de estudios.

A Comisión Académica constata:

- Que o deseño e desenvolvemento de actividades prácticas que implican dar prioridade ás competencias que forman na capacidade de liderado están sendo moi potenciadas pero que aínda non se contempla en todas as guías docentes que os estudantes deseñen, organicen e dirixan actividades.
- Que o máster, paradóxicamente, ten algunhas dificultades para atopar un abano de institucións e organismos onde os estudantes do máster podan desenvolver con pleno

aproveitamento as capacidades e destrezas que aprenden na súa formación. Mellorar esta situación implicaría que os estudantes puideran adscribirse a institucións e organismos que, en moitos casos, están fora da comunidade autónoma galega e incluso no estranxeiro nos que existe a seguridade de que poderían obter unha formación práctica excepcional. Pero potenciar estas accións de mellora implica acadar un financiamento que faga posible o seu desprazamento e estancia nesas institucións cando fose necesario, polo que a Comisión Académica solicita a apertura de procedementos administrativos que fagan posible esta mellora.

- Que a orientación dos Traballos Fin de Máster (TFM) se fai nunha reunión no mes de decembro, e que os estudantes teñen desde esa data nomeado un titor para o TFM. Se establece un marco de rúbrica que atende as seguintes dimensións:

a) *Seguimento e preparación do informe.*

Proceso de elección do tema e titor/a
Asistencia ás reunións de tutoría
Seguimento das indicacións da tutoría

b) *Aspectos formais do informe.*

Maquetación, gráficos e fotografías
Redacción e ortografía
Bibliografía e notas conforme ás normas acordadas

c) *Contido do informe.*

Introdución coherente e explicativa
Orixinalidade do traballo (idea, hipóteses e preguntas)
Organización da información e achegas valiosas
Valor das conclusións

d) *Defensa oral do Traballo Fin de Máster.*

Capacidade de expresión e comunicación
Calidade dos medios de apoio á exposición

- Que cada módulo do máster ten un docente que o coordina internamente, convoca as reunións e organiza o traballo interdisciplinar.

Criterio 2: Información e transparencia

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación se indica a seguinte acción.

AM-04. Revisar la información pública del máster, en especial, la información del profesorado, horarios del máster y la información de las guías docentes así como su coherencia con la información que aparece en la memoria verificada del título.

- Revisar la información de la página web relativa al profesorado y horarios.
- Revisar el correcto ajuste entre las competencias de la memoria y las que aparecen en las guías docentes.

Se constatan as limitacións de espazo que existen para ampliar a información que neste aspecto teñen as páxinas da USC cun tamaño virtual limitado para os másteres. O horario de clases pode consultarse na páxina da Facultade de Formación do Profesorado, en http://www.usc.es/es/centros/ffp/horario_cursos.html. Unha versión máis explicativa do horario está subida na páxina virtual propia que tamén ofrece información sobre o profesorado.

As guías reflicten as competencias que aparecen na memoria do título, pero é necesario facer unha reflexión sobre a súa interconexión no proxecto global de

formación e o seu desenvolvemento práctico na formación.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación se indican as seguintes accións:

<p>AM-05. Revisión del SGIC para adecuarlo a las características y necesidades de la Facultad.</p> <ul style="list-style-type: none">● Revisión e implantación de los procedimientos para simplificarlos y adecuarlos a los Centros.● Elaboración y aprobación de la planificación estratégica en los Centros.● Elaboración y aprobación de la Programación Plurianual de cada Centro.● Difusión de la cultura de calidad y de las reuniones de la Comisión de Garantía de Calidad para incrementar la participación e implicación de los estudiantes en las reuniones.
<p>- AM-06. Continuar con la difusión para fomentar la cultura de la calidad y participación de los grupos de interés del centro en las encuestas de satisfacción.</p> <ul style="list-style-type: none">● Facilitar medios y tiempo al alumnado para fomentar la participación en los encuestas de satisfacción● Realizar talleres/charlas informativas para concienciar sobre la importancia y la utilidad de los SGIC● Difusión de los períodos de encuestas y fomento de la participación a través de diferentes canales (página web centro, correo electrónico, RRSS, pantallas informativas de los centros...)

A Facultade de Formación do Profesorado de Lugo ten xa elaborada a súa planificación estratéxica e Programación Plurianual. A documentación foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, e está á espera do seu informe para sometela a aprobación por parte da Xunta de Facultade.

Por parte da coordinación do máster se informa aos estudantes dos períodos de cualificación e avaliación das materias e se lles anima a cubrir os cuestionarios.

A Memoria de Calidade do curso 2014-2015, establecía seis accións de mellora a realizar no máster, todas elas están rematadas agás a relacionada coa firma dun convenio Erasmus coa universidade de Cumbria que sigue en trámite, e que como se indica neste mesmo informe foi acordado na visita feita a esa universidade en setembro de 2016 por dous profesores do máster.

Dimensión 2. Recursos

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación se indica a seguinte acción:

Criterio 5: Recursos Materiales y servicios

<p>- AM-07. Establecer un plan de orientación académica y profesional para los estudiantes.</p> <ul style="list-style-type: none">● Designar un tutor/a a cada estudiante del título en los primeros días de clase. CSV:● Usar los recursos del Área de Orientación e Inserción Laboral del Campus de Lugo (AOIL).● Realización, por parte de la Comisión Externa de Seguimiento, de un informe sobre las competencias profesionales que se piden desde las instituciones educativas y el mundo empresarial.
--

A Comisión constata que no actual curso non se nomearon os titores dos estudantes nos primeiros días do curso, e se acorda que dita acción se faga efectiva no curso 2017-2018. Se acorda establecer un protocolo de funcións para dita actividade de tutoría. Asemade que os recursos da AOIL está previsto utilízalos na fase final da formación. A coordinación do máster xa se puxo en contacto co AOIL que coñece as características do máster.

O Informe da Comisión Externa de Seguimento está pendente dunha reunión que farase no segundo cuadrimestre do actual Curso Académico.

Aínda que o informe final indica que en recursos humanos se alcanzan os obxectivos, a Comisión Académica quere destacar que en decembro de 2016, o máster conta con tres profesores novos, dous deles xa interviron no curso 2015-2016, mentras que terceiro ten docencia no actual

Dimensión 3. Resultados

Criterio 7. Indicadores de satisfacción y rendimiento

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación se indica a seguinte acción

- **AM-08.** Estudiar las causas de la baja graduación y establecer mecanismos para corregirla.
 - Realizar un estudio para analizar el contexto y la situación de los estudiantes que no han terminado sus estudios.
 - Establecer protocolos para corregir la baja tasa de graduación.

A Comisión Académica constata que este problema foi especialmente salientable no curso 2013-2014, pero no curso 2015- 2016 remataron os estudos, 26 estudantes, deles 22, un 84%, foron de primeira matrícula, mentres que 4, é dicir un 16% eran estudantes que tiñan pendente o TFM de cursos anteriores. Polo tanto a taxa de graduación do curso 2015-2016 foi dun 78,57%.

Nas accións de mellora para dar resposta ás recomendacións da comisión externa de avaliación do título, se constata que o grade de desenvolvemento das mesmas é o seguinte:

2.2. ACCIONES DE MEJORA PARA DAR RESPUESTA A LAS RECOMENDACIONES:	
☑ Criterio 1. Organización y desarrollo	
- Impulsar la firma de un acuerdo que permita la homologación del Máster con los títulos propios de la Consellería de Educación en Monitor de Tiempo Libre y Dirección de Actividades de Tiempo Libre.	Pendente de negociación co Reitor e a Xunta.
- Incrementar las actividades de campo hasta que estas constituyan un 50% de las actividades realizadas en el Máster.	Feito
- Difusión del Máster en todas las facultades de la Universidad de Santiago (USC), en otras Facultades de Educación de Galicia y España y a través de grupos europeos de Facebook interesados en la educación al aire libre.	Feito
☑ Criterio 2: Información y transparencia	
- Continuar con el desarrollo de la nueva página web que está llevando a cabo el gobierno de la USC y que permitirá visualizar los contenidos de una forma más cuidada y actual.	En proceso de elaboración
☑ Criterio 4. Recursos humanos	
- Participar en la <i>Convocatoria de axudas para o desenvolvemento de</i>	Pendente

<p><i>accions de mellora da docencia</i> de la USC a fin de conseguir financiación para incrementar la participación de profesionales del sector en charlas y conferencias.</p>	
<p>☒ Criterio 6. Resultados de aprendizaje</p>	
<p>- Continuar con el desarrollo de herramientas que permitan evaluar los resultados de aprendizaje previstos en el título.</p>	<p>Xa existe una ferramenta que será aplicada neste curso</p>
<p>3. ASPECTOS QUE SERÁN DE ESPECIAL SEGUIMIENTO:</p>	
<p>☒ Criterio 4. Recursos humanos</p>	
<p>- En la Facultad de Formación del Profesorado de Lugo, es necesario incrementar la plantilla de conserjería para asegurar la apertura del Centro en turno de tarde en unas condiciones óptimas de apoyo a la docencia.</p>	<p>Solicitado</p>

ANEXO 4

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

EVIDENCIA 3. ANÁLISE DO PERFIL REAL DE INGRESO/EGRESO

No curso académico 2015-16 ofertáronse 240 prazas; o número de matriculados de novo ingreso e primeira matrícula é de 239 alumnos. Os datos de prazas ofertadas mantense estable, en 240, agás no curso 14-15 donde se incrementa a 260 prazas, ante a demanda dos licenciados en Pedagogía que poden acceder a titulación só co TFM. Isto tamén fai que a variación da matrícula de inicio de estudos para o curso 15-16 se sitúe no -12,45%. Fora destas “excepcionalidades”, o número de prazas ofertadas mantéñense relativamente estable, cubríndose toda a oferta e mesmo con moitos estudantes en listas de agarda.

Esta alta demanda hacia a titulación fai que a nota media de acceso sea 7,84, incrementándose lixeiramente fronte os datos do curso 14-15 que foi de 7,48. A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é do 99,17 % e, asemade, por titulacións de procedencia e especialidades no MFPEs, por sexo e idade, etc.

Os estudantes matriculados proceden das titulacións recollidas na resolución de acceso é admisión. No caso de titulacións novas, que non figuran no listado recollido na resolución, informase a comisión académica e engádesse na seguinte convocatoria.

Respecto da procedencia xeográfica dos estudantes de novo ingreso, maioritariamente son de orixe galego (95,26%). Os nacionais de fora de Galicia representan ó 4.31 %; por último o alumnado estranxeiro sobre matriculados é do 0.43 %. O porcentaxe de egresados da USC que acceden ó master sitúase no 76.37%

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

EVIDENCIA 10. ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, sitúase no 50,94 %, un pouco menor que no curso 14/15 donde este porcentaxe foi do 54,39%. Quizá compre recordar e insistir en que os alumnos cubran as enquisas.

A valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa titulación sitúase en 2,94 sobre 5, porcentaxe lixeiramente maior que o acadado no curso anterior, de 2,67. Tamén mellorou a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, pasando do 3,88 ata 4,09. A taxa de abandono descendiu dende o 2,05 do curso 2014/15 ata o 0,56 do curso 2015/16. Pola contra, vemos un incremento na duración media dos estudos, que pasa de 1,08 a 1,12. Este aumento vense producindo dende a edición do 2009/2010, polo arrastre de alumnos pendentes de defender o seu TFM.

Respecto o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, a valoración media sitúase en 2,82, lixeiramente por enriba do 2,76 para o curso académico 2014/2015.

As enquisas de satisfacción co programa de prácticas externas (Prácticum) tivo unha taxa de resposta baixa, do 5,98% o que supón 26 enquisas. A media das puntuacións é alta, destacando a atención recibida por parte dos titores nas institucións (media de 4,27) e a consideración das prácticas como un bo complemento para mellorar a súa formación (media 4,23). Pola contra a menor valoración foi para a adecuación da duración das mesmas (3,25) e a relación cas expectativas creadas polos estudantes (3,85). O grao de satisfacción xeral cas prácticas sitúase en 3,99 sobre 5. Tamén aumentou, ata situarse no 4,20 a valoración dos titores académicos hacia as prácticas.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

EVIDENCIA 13. ANÁLISE DAS ENQUISAS DE AVALIACIÓN DA DOCENCIA

Respecto a satisfacción do alumnado coa docencia recibida situase globalmente en 3.69, cunha participación do 46,90 %. Os datos do curso anterior son 3,60 e 55,65 % respectivamente. Mellorouse lixeiramente a valoración, aínda que con menor participación. Os aspectos mellor valorados polos estudantes son as referidas a explicación da programación da materia e os criterios de avaliación por parte do profesor (4,02), así como a resolución de dúbidas planteadas en clase, tutorías ou correo electrónico (3,95) e a actitude receptiva que facilita a comunicación (3,91). Pola contra a peor valoración ter que ver coa coordinación entre profesores da materia (3,23), a percepción da relevancia da materia e o interese para a súa formación (3,51).

Atendendo agora á valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, cunha participación do 65,18 %, a media acadada sitúase en 4.03 (sendo 5 o valor máximo). Entre os aspectos mellor valorados polos docentes do Máster o primeiro posto ten que ver coa satisfacción dos docentes respecto da relación co alumnado tanto nas sesións de aula como nas titorías (4,49). A valoración realizada respecto, dunha parte, do traballo realizado polos alumnos (4,42), e doutra, da participación crítica e activa dos alumnos nas aulas (4,29), son dimensións que acadan puntuacións superiores á media.

No extremo contrario atopamos a escasa valoración otorgada a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3,49), así como a adecuación de instalacións e recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia (3,75). Un aspecto a mellorar ten que ver ca coordinación, tanto a nivel de profesores, como dos distintos módulos e fases do máster.

Comentados estes datos, sinálase a necesidade de mellorar algún aspecto, especialmente a coordinación. Tamén nos comprometemos a poñer en marcha un proceso de avaliación xeral do máster.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

EVIDENCIA 19. ANÁLISE DOS RESULTADOS DO TÍTULO

Atendendo aos resultados do título, temos que sinalar os indicadores comparados coa media dos másteres da USC sinalan o seguinte. A porcentaxe de PDI con sexenios, doutor e funcionario é moi inferior a media da USC. Tamén a ratio de estudantes por profesor a tempo completo, así como a media de alumno por grupo interactivo e de teoría e significativamente maior que a media.

Pola contra as taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación melloran a media da USC igualmente a duración media dos estudos e a taxa de abandono presenta uns números inferiores a media dos estudos de máster da USC.

A taxa de rendemento das materias do plan de estudos sitúase por enriba do 90% , si ben no caso dos TFM baixa este porcentaxe a arredor do 80%. Esta situación fai que se arrastre unha bolsa de alumnos que incrementa a matrícula.

O Máster ten un carácter fundamentalmente profesionalizante, e polo tanto o destino natural e a inserción laboral do alumnado debe situarse na educación secundaria. A situación nos últimos anos respectos as convocatorias de emprego público foi de paralización, reanudándose o proceso no curso pasado, e parece que tamén no actual curso. Esperemos que se normalice a situación e os egresados vexan perspectivas laborales no ensino. Os resultados de inserción laboral proporcionados non recollen este feito, senón que sinalan as porcentaxes de titulados por tipo de contrato, xornada laboral e grupo de cotización. Polo tanto non sabemos o número de egresados que traballan en educación.

ASISTENTES:

Armas Castro, Xosé
Caballo Villar, M^a Belén
Eirín Nemiña, Raúl
Gewerc Barujel, Adriana
Gillanders, Carol
Méndez Lois, María José
Morán de Castro, Carmen
Sánchez Castaño, M^a Teresa

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA
COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE
DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA CELEBRADA O 23 DE
NOVEMBRO DE 2015.

A xuntanza comezou ás doce horas e trinta e cinco minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia as profesoras Isabel García-Rodeja Gayoso e Rita Gradaílle Pernas.

No **primeiro** punto da orde do día apróbase a acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o trinta de outubro de dous mil catorce.

No **segundo** punto da orde do día a presidenta da Comisión de Calidade, profesora María José Méndez, informa, entre outros, dos seguintes asuntos:

- Nunha facultade con sete títulos a Comisión de Calidade ten escasa funcionalidade, pois os acordos tómanse nas Comisións Académicas dos respectivos títulos e a de Calidade ratifica, se procede, ditos acordos. Agradece o labor do profesorado que coordina os títulos e do profesorado implicado nas comisións.
- Resulta necesario activar a plataforma de calidade para facilitar o intercambio de información.
- Explica as diferentes accións de mellora que a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC enviou aos centros para que cada un se adaptase á súa singularidade e se incorporase nas memorias dos títulos. Avanza que no curso académico actual, 2015-2016, hai que adecuar o Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro ao Programa Marco e facer a memoria de calidade. Esta acción acaba de ser establecida como requisito para poder solicitar financiación para accións de mellora. No curso vindeiro, 2016-2017, o centro deberá elaborar o plan estratéxico e a programación plurianual.

O profesorado da Comisión de Calidade manifesta a súa disconformidade coa forma en que se están a xestionar os procesos de calidade e insístese na necesidade de revisalos; compártese unha sensación de frustración polo moito tempo invertido neles e o escaso impacto que producen.

Acórdase elevar un escrito á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC para poñer de manifesto esta situación e solicitar que se busquen alternativas: o alumnado e o profesorado apenas participa cubrindo as enquisas de satisfacción porque non se lles ve utilidade, non son vinculantes e non se percibe

que axuden a transformar a realidade; os formatos das memorias resultan excesivamente ríxidos, a información non é clara e vai chegando aos poucos, os prazos resultan moi xustos, o traballo se realiza a maiores da moita carga que o profesorado xa ten....

Por último, ábrese unha rolda de intervencións na que os coordinadores e coordinadoras dos máster informan brevemente das memorias elaboradas e das accións de mellora que se propoñen.

No **terceiro** punto da orde do día apróbanse os informes de seguimento do curso académico 2014-2015 dos seguintes títulos: Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas; Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario; Máster Universitario en Procesos de Formación.


No **cuarto** punto da orde do día, de peticións e preguntas, a profesora Carol Gillanders solicita que a Facultade convoque axudas específicas para apoiar a innovación docente. A Presidenta da Comisión de Calidade indica que o CeTa ten unha liña de traballo neste sentido e que cómpre explorar primeiro esa vía.

A profesora Adriana Gewerc argumenta a necesidade de activar procesos de formación a medida na Facultade e solicita do decanato que se organice algún curso de formación transversal a todos os títulos, por exemplo, vinculado ao plan estratéxico de facultade que haberá que deseñar.

A partir desta suxestión vanse apuntando outras: a profesora Carmen Morán suxire abrir un foro de reflexión en torno á educación, complementando o carácter meramente instrumental da actual oferta do PFID, tamén, a posibilidade dalgunha acción vinculada ao practicum que permitise implicar aos titores nas institucións. O profesor Xosé Armas propón activar procesos formativos relacionados cos problemas de formación identificados en cada título.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria



Asdo.: M^a. Belén Caballo Villar

Visto e Prace

A Presidenta da Comisión



Asdo.: María José Méndez Lois

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN CELEBRADA O 20 DE
XANEIRO DE 2016

ASISTENTES:

Armas Castro, Xosé
Cebreiro López, Beatriz
Eirín Nemiña, Raúl
Gillanders, Carol
Méndez Lois, María José
Morán de Castro, Carmen
Radl Phillips, Rita
Sánchez Castaño, M^a Teresa
Vieites Torreiro, Dolores

A xuntanza comezou ás dez horas coa presenza dos membros que figuran arriba.

Desculpan a súa ausencia o seguinte profesorado: Isabel García-Rodeja Gayoso, Rita Gradaílle Pernas, Ramón López Facal e Belén Caballo Villar.

Orde do día:

Punto único: Aprobación, se procede, dos informes de renovación da acreditación dos graos

Ante a ausencia da secretaria da Comisión, acórdase que actúe como secretaria accidental Dolores Vieites Torreiro.

A presidenta da Comisión de Calidade, profesora María José Méndez, informa do calendario da visita para a acreditación dos graos e que nestes momentos están rematados os informes dos Graos de Infantil e de Primaria, xunto coas accións de mellora e as actas das diferentes comisións.

A coordinadora do Grao de Educación Social pide desculpas por non presentar o informe de Educación Social, pois ten pendente de rematar as accións de mellora e esa mañá ten a defensa dunha tese.

O coordinador do Grao de Primaria sinala a dificultade de facer os informes conxuntos con Lugo e a falta de apoio desde o equipo decanal. Na elaboración do informe conxunto non houbo un mecanismo de coordinación entre os dous Campus. Esta preocupación pola coordinación co Campus de Lugo tamén foi posta de

manifesto pola coordinadora do Grao de Infantil que tamén sinalou o baixada nalgúns items do grao no Campus de Santiago.

Os coordinadores dos graos indican a necesidade de que os informes teñen que ser coñecidos por todos os sectores da Facultade e que na elaboración dos seguintes ten que haber un procedemento máis claro e participativo. Tamén manifestaron a súa queixa polo retraso e a indeterminación por parte da ACSUG nas directrices para facer o informe de acreditación así como o esforzo que tivo que realizar a Área de Calidade da USC.

A presidenta sinala que foi imposible manter reunións co profesorado e hai que pensar na estratexia para comunicar ao profesorado o contido dos informes dos títulos antes da visita pois a súa participación é necesaria á vista das accións de mellora. Acórdase ter unha reunión no mes de febreiro.

Despois dunha rolda de intervencións na que os coordinadores e coordinadoras dos graos informan das memorias elaboradas e das accións de mellora que se propoñen, apróbanse os informes de renovación de acreditación.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as once horas do día vinte de xaneiro de dous mil dezaseis, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria accidental



Asdo.: DOLORS VIEITES

Visto e Prace

A Presidenta da Comisión



Asdo.: María José Méndez Lois

ACTA PROVISORIA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE
DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN CELEBRADA O 30 DE
XANEIRO DE 2017

ASISTENTES:

Cebreiro López, Beatriz
Ceinos Sanz, Cristina
Cortizas Varela, Olalla
Eirín Nemiña, Raúl
Méndez Lois, María José
Priegue Caamaño, Diana
Radl Philipp, Rita
Valcarce Fernández, Margarita
Vieites Torreiro, Dolores

A xuntanza comezou ás dez corenta coa presenza dos membros que figuran arriba.

Desculpan a súa ausencia o seguinte profesorado: Xosé Armas Castro e Miguel Ángel Santos Rego.

Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores
- 2.- Presentación e aprobación, se procede, dos informes de seguimento dos graos e másteres da Facultade
- 3.- Peticións e preguntas

1.- Apróbanse as actas da reunión ordinaria do 23 de novembro de 2015 e da extraordinaria do 20 de xaneiro de 2016

2.- Faise unha presentación dos informes de seguimento do curso 2015-16 das titulacións do Centro e explícanse das particularidades de cada unha das propostas, aprobándose por asentimento os seguintes informes:

- Grao en Mestre en Educación Infantil
- Grao en Mestre en Educación Primaria
- Grao en Pedagogía
- Grao en Educación Social
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria
- Máster en Procesos de Formación
- Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
- Máster en Igualdade, Xénero e Educación

A coordinadora do Máster en Igualdade, Xénero e Educación explica á Comisión a peculiaridade do informe de seguimento de dito Máster ao ser un informe parcial do primeiro ano, dun Máster de ano e medio de duración.

A vicedecana indica ás coordinacións dos títulos que o formato para a presentación do informe será en word, a entregar en Secretaría do Decanato que se encargará de pasalos a pdf antes de remitilos á Calidade e subilos á web do Centro.

A vicedecana recorda aos membros da Comisión que fagan previsión de que a mediados do mes de febreiro se fará unha nova convocatoria da mesma para elaborar a memoria de calidade do Centro e comezar o traballo de elaboración do plan plurianual e do plan de estratéxico.

3.- Peticións e preguntas

A profesora Diana Priegue, coordinadora do Máster de Investigación en Educación, solicita unha aclaración en relación ás accións de mellora que se complementan entre as accións propostas polo Centro e polo Título. A vicedecana respóndelle que si se dá certa coincidencia ao ser accións de mellora que se poden promover e desenvolver tanto a nivel de Centro como de títulos.

A profesora Rita Radl solicita que se incorpore á web do Centro a información relativa ao Máster de Igualdade, Xénero e Educación. A vicedecana respóndelle que non hai problema, só se necesita que aporte en pdf a información que queiran que conste en dita web.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as once quince horas do día trinta de xaneiro de dous mil dezasete, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria accidental

Visto e Prace

A Presidenta da Comisión

Asdo.: Dolores Vieites Torreiro

Asdo.: María José Méndez Lois

COMISIÓN ACADÉMICA ORDINARIA DO MÁSTER EN PROFESORADO DE SECUNDARIA

ACTA DA REUNIÓN DE 13/11/2015

Lugar: Sala Videoconferencia Enfermería (santiago),e Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) (videoconferencia).

Hora: 10:00 h.

Asisten: María José Fiuza, Francisco Lestegás, Modesto A. Rodríguez., Bieito Silva, Cándido Taboada Areán, Antonio Rial, Juan Carlos Pardo, Cristina Trigo, M^a Pilar J. Aleixandre, Bieito Silva.

Desculpan a inasistencia: Felipe Trillo, Teresa Fernández, Felicidad Barreiro, Carmen Morán,

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de 2 de Xullo de 2015.
2. Informe do Coordinador.
3. Estudo e aprobación, se procede, da Guía do TFM para o curso académico 2015/2016.
4. Estudo e aprobación, se procede, da Guía do Practicum para o curso académico 2015/2016.
5. Estudo e aprobación, se procede, da relación de profesorado e liñas de traballo de TFM que se ofertará ao alumnado para o curso académico 2015/2016.
6. Peticións e preguntas

Desenvolvemento da sesión:


1. Apróbase, por asentimento, a acta da sesión anterior.
2. Informa do Coordinador:
 - Final curso 14/15:
 - TFM defendidos, total 201, 17 artes; 34 CC Exp; 48 CCSS; 18 FP; 48 Linguas; 36 orientación; 3 suspensos, 1 Xuño, 2 Setembro
 - Actas consolidadas (matrículas honra):
 - Orientación (2): Nuria Abal Alonso + (una vacante)
 - Artes (1): Tabaré santellán Brey.
 - Linguas (2): Alba Trashorras López+ Sergio Costa González.
 - FP (1): 0 (vacante)
 - CCSS (2): Lucía Ces Carou (9,7)+ Alonso Benedito Perez Sancho (9,8)
 - CC Exp (2) Vanesa Sexto varela (9,4)+ Laura Calaza Díaz (9,6)
 - Premio extraordinario máster secundaria (1 só) Lucía Ces Carou, CCSS, Santiago (9,43).

- Inicio Curso 15/16:
 - Problemas iniciais de matrícula, matrícula tarde, erros, falta de 1 profesor, asumindo a docencia o profesor Antonio Riál ata a chegada do sustituto.
 - Nº matriculados: (Santiago)
 - CC Experimentais: 44 (37)
 - CC Sociais: 45 (37)
 - FP: 23 (18)
 - Linguas: 43 (40)
 - Artes: 22 (21)
 - Orientación: 54 (17)
 - Nº matriculados Lugo (informa a coordinadora maría Fiúza)
 - Linguas 19
 - CC Experimentais 18
 - FP 15
 - Validacións (10 solicitudes resoltas)
 - Matrícula tempo parcial (3 solicitudes, concedidas)
 - Solicitud Cotitorización TFM (Tania Vázquez García) por parte de profesores de áreas externas ó máster. Non foi admitida.
 - Solicitud Juan de Dios Liria, erro matrícula, incorpórase a Lugo no 2º cuatrimestre.
 - Informa da reunión co VR, solicitud Subcomisión, problemas administrativo, ferramenta xestión. A espera de resposta as demandas.
 - Museo Hª Natural (profesoras de Complementos CC Exp.); concédese de forma extraordinario o financiamento das entradas, alertando da necesidade de solicitar as axudas correspondentes ou uso dos días gratuítos para próximas edicións.
 - Reparto financiamento adicional (800 euros). Decídese mercar unha pizarra dixital que queda instalada na Aula 13.
3. Estudo e aprobación, se procede, da Guía do TFM para o curso académico 2015/2016
 - Decídese facer pequenas correccións na guía do TFM, en relación as datas de entrega, así como a consideración da importancia da corrección ortográfica e lingüística na presentación do traballo. Apróbase a guía do TFM 15/16.
 4. Estudo e aprobación, se procede, da Guía do Practicum para o curso académico 2015/2016. Apróbase.
 5. Estudo e aprobación, se procede, da relación de profesorado e liñas de traballo de TFM que se ofertará ao alumnado para o curso académico 2015/2016. Apróbase manter as liñas do curso anterior, agás aquelas que decidan cambiar os profesores.
 6. Peticións e preguntas:
 - O profesor Antonio Rial sinala a necesidade de “pensar” nunha edición do máster para profesores técnicos de FP.

Sen máis cuestións, levántase a sesión ás 13:00 h.

Santiago de Compostela, 13 de Novembro de 2015.

Raúl Eirín Nemiña.
Asdo. O coordinador

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Raúl Eirín Nemiña', with a large, sweeping flourish underneath.

**COMISIÓN ACADÉMICA EXTRAORDINARIA DO MÁSTER EN
PROFESORADO DE SECUNDARIA
ACTA DA REUNIÓN DE 19/11/2015**

Lugar: Aula Sarmiento, Facultade Ciencias Educación Santiago e Facultade de Formación do Profesorado Lugo (videoconferencia).

Hora: 13 h.

Asisten: Dolores Vieites, María José Fiuza, Ignacio Palacios, Modesto A. Rodríguez., Bieito Silva, Cándido Taboada Areán

Desculpan a inasistencia: Felipe Trillo, Teresa Fernández, Felicidad Barreiro, Carmen Morán, M^a Pilar J. Aleixandre, Antonio Rial, Juan Carlos Pardo

Orde do día:

1. Estudo e aprobación do Informe anual de seguimento do Máster de Secundaria do curso académico 2014-2015.

Desenvolvemento da sesión:

Infórmase, por parte do coordinador do máster, da liñas xerais que compoñen o informe de seguimento. Detállase a necesidade de abrir un turno de debate e reflexión sobre os seguintes aspectos:

- Análise do perfil real de ingreso:
Vistos os informes dos datos de alumnos, itinerario, titulación de acceso e nota media do expediente, de cada unha das especialidades que compoñen o máster, concluímos no seguinte:

Hai un cumprimento exhaustivo da normativa de ingreso, sinalada na resolución de admisión no que atinxe a relación entre titulacións e adscrición a cada unha das especialidades e itinerarios. A veces xurden reclamacións ou matizacións, pola adscrición de determinadas titulacións a itinerarios-especialidades, que se resollen para a resolución de acceso da seguinte convocatoria.

A nota media de acceso de acceso as distintas especialidades e itinerarios sitúase en 7,48.

As especialidades de Formación Profesional e Artes Plásticas e Música, son as que teñen os alumnos procedentes de titulacións máis heteroxéneas. Esta situación, que a veces supón un problema e tamén unha oportunidade educativa e de enriquecemento cando se poñen en valor distintas sensibilidades e puntos de vista.

- Análise das enquisas de satisfacción:

As enquisas de satisfacción non son contestadas por moitos alumnos, a taxa de respostas oscila entre o 6,5 % e o 28,5 %, polo que os datos non son fiables. Neste sentido, xurde a reflexión de facer obrigatoria a participación nas enquisas de satisfacción. A pesar do esforzo e recordatorio da posibilidade e “necesidade” de cubrir as enquisas, os resultados de participación non son bos.

Tamén falamos da necesidade de replantear as preguntas, e mesmo os instrumentos de recollida de datos, no sentido de que a información que aportan están aloxados dos temas e realidades que se ven no desenvolvemento do máster.


- Análise das enquisas de avaliación da docencia:

A participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é maior (56.02 % en Santiago e 54.39 en Lugo) e moi semellante nas dúas ubicacións. Tamén a valoración media da docencia recibida é semellante (3.65% en Santiago e 3.43 en Lugo). As puntuacións máis baixas teñen que ver co grao de coordinación entre os profesores, e aquelas onde saen mellor parados relaciónanse coa explicación da materia e os criterios de avaliación, a execución do plan previsto e a actitude receptiva e comunicativa hacia os estudantes.

Sen máis cuestións, levántase a sesión ás 14:00 h.

Santiago de Compostela, 19 de Novembro de 2015.

Raúl Eirín Nemiña.
Asdo. O coordinador



COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN PROFESORADO DE SECUNDARIA
ACTA DA REUNIÓN DE 07/04/2016

Lugar: Facultade de CC da Educación. Sala María barbeito (campus Norte) e Facultade de Formación do Profesorado (videoconferencia)

Hora: 16:30 h.

Asisten: María José Fiuza, Francisco Rodríguez Lestegás, Xosé Armas, Modesto A. Rodríguez, Bieito Siva e Raúl Eirín.

Desculpan a inasistencia: Juan Carlos Pardo, Ignacio Palacios, Dolores Vieites, Ana María Brao, , Felipe Trillo, Teresa Fernández, Cándido taboada, Vicente Castro e Elba Rodríguez.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores de 13 de Novembro de 2015, e a extraordinaria de 18 de Novembro de 2015.
2. Informe do Coordinador.
3. Análise e acordo sobre as reclamacións presentadas por dous estudantes sobre as calificacións de materias do primeiro cuatrimestre.
4. Estudo e aprobación, se procede, da PDA (programación docente anual) curso académico 2016/2017.
5. Peticións e preguntas.

Punto nº 1: Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

Apróbanse por asentimento.

Punto nº 2: Información da coordinación

Infórmase sobre os seguintes aspectos:

a) Desenvolvemento do curso:

- Desenvolvemento da docencia, con desaxustes o inicio do cuatrimestre en tres materias, xa solventados ca incorporación dos profesores correspondentes. Estas ausencias de profesorado dan como resultado a presentación de queixas por parte do alumnado.
- Asignación de titores de TFM, a aqueles alumnos que o solicitan por non atopar profesorado con horas de tutoría.
- Reunión da Comisión de Coordinación, na que se decide manter a oferta académico para o curso 16-17 no mesmo número de prazas do curso actual, tanto en Santiago como en Lugo.

- A CA enviará a Minerva os TFM con MH e, dependendo do número por especialidade, pode decidir equilibrar para que exista unha representatividade entre todas as especialidades.

Comentarios dos asistentes:

- Apóíase o envío a Minerva dos TFM calificados con MH e propónse un equilibrio entre as especialidades.
- Recórdase a nova proposta de regulamento de TFG e TFM; no caso do TFM a normativa propia demanda unha defensa ante tribunal. Relacionado con este tema, coméntase que aqueles TFM nos que existan problemas entre o formato establecido na guía do TFM e forma de elaboración-presentación (artes, música, literatura,...) deben manter unha argumentación pedagóxico-didáctica orientada o ensino secundario na que se xustifique a súa pertinencia educativa, e acompañarse dos materiais pertinentes no formato oportuno. En casos excepciónais, podese solicitar a a coordinación e ou tribunal a aceptación de soportes/ferramentas non contempladas na guía do TFM.

Punto n.º 3: Análise e acordo sobre as reclamacións presentadas por dous estudantes sobre as calificacións de materias do primeiro cuatrimestre.

Vistas as reclamacións presentadas polos estudantes, a CA decide rexeitalas.

Punto n.º 4: Estudo e aprobación, se procede, da PDA (programación docente anual) curso académico 2016/2017.

- Solicitar o incremento dos grupos expositivos das materias do módulo xenérico de 3 a 4 grupos: P3241101, P3241102, P3241104, P3241105.
- Para a materia P3241103 solicitar cinco grupos expositivos. A especialidade de orientación educativa implica a constitución dun grupo de funcionamento independente.
- Solicitar a redución dos grupos de seminario de dous a un nas seguintes materias: P3241229 e P3241240.

Os cambios solicitados nos puntos anteriores están orientados a facilitar a organización das especialidades do Máster e a elaboración dos horarios. Cómpre lembrar que en cursos anteriores tense renunciado a grupos de seminario, para esta mesma finalidade.

No seguinte cadro, elaborado por Bieito, detállanse estes cambios:

Materia (Créditos)	PDA SXOPRA		PDA SOLICITADO		RESULTADO (horas)
	Gr. Exp.	Gr. Int.	Gr. Exp.	Gr. Int.	
P3241229 Bases E/A Linguas (5)	1	2	1	1	-20h. (5x4)
P3241240 Innovación/Investigación Linguas (6)	1	2	1	1	-24h. (6x4)
P2141103 Educación e linguas / Orientación Educativa (2)	0	0	1	1	+14 (2x7)
P2141103 Educación e linguas / Resto especialidades (2)	3	5	4	4	-2 (diferenza I/E)
P3241101 Didáctica, currículo e OE (4,5)	3	4	4	4	+13,5 (4,5x3)
P3241102 Función titorial e OA (2,5)	3	4	4	4	+7,5 (2,5x3)
P3241104 Desenvolvemento psicolóxico e AE (3,5)	3	4	4	4	+10,5 (3,5x3)
P3241105 Educación, sociedade e PE (3,5)	3	4	4	4	+10,5 (3,5x3)
TOTAL					+10h.

Punto nº 5: 1. Peticións e preguntas.


Queixa da alumna Elba Rodriguez, referida a premura na convocatoria da Comisión , o que lle impide asistir a comisión. Queixa apoiada polos alumnos do máster de Lugo, pola tardanza na incorporación dun profesor asociado responsable do Prácticum.

Comentarios sobre a pertinencia de iniciar un proceso de reflexión sobre aqueles aspectos organizativos do máster que, sin precisar de autorizacións/acreditacións, etc, poidan contribuir a un mellor desenvolvemento do mesmo. Por exemplo, a organización do primeiro módulo, intentando coordinarse para non solapar traballos, ampliando as datas de docencia das materias de 4,5 créditos para que poidan continuar paralelamente a de Linguas en Galicia ou as materias de FP que teñen asignada unha docencia de 5 horas seguidas.

Sen máis cuestións, levántase a sesión ás 18:00 h.

Santiago de Compostela, 7 de Abril de 2016.

Raúl Eirín Nemiña.
Asdo. O coordinador



COMISIÓN ACADÉMICA ORDINARIA DO MÁSTER EN PROFESORADO DE SECUNDARIA

ACTA DA REUNIÓN DE 6/07/2016

Lugar: Sala Videoconferencia María Barbeito (Santiago), e Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) (videoconferencia).

Hora: 13:00 h.

Asisten: Bieito Silva, Marilar Aleixandre, Pepe Armas, Carmen Morán, Cristina Trigo, Juan Carlos Pardo, Raúl Eirín, María Fiúza, Lestegás, Elba Rodríguez

Disculpan asistencia: Ignacio Palacios, Felipe Trillo, Teresa Fernández

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación programas curso 2016-2017.
4. Peticións e preguntas.

Desenvolvemento da sesión:

1. Apróbase, por asentimento, a acta da sesión anterior.
2. Informa do Coordinador:
 - Informe concesión axudas para o financiamento de actividades de másteres oficiais da USC (2016). Santiago (400 €) e Lugo (300 €). Conferencia Inaugural/ Mesa Redonda.
 - Comentarios xenéricos, sin concretar, sobre a nova plataforma de Prácticum e xestión de TFM.
 - Desenvolvemento dos TFM de Xullo (105 solicitudes de defensa).
3. Aprobación programas curso 2016-2017.

Apróbanse os programas para o curso 2016-2017.


Coméntanse as xuntanzas mantidas polas distintas comisións de especialidades, na idea de mellorar a coordinación entre profesores, módulos así como nos criterios de avaliación. Tamén se sinalan as necesidades de procurar non compartir materias cando sexan de menos de tres créditos, procurar compartir ou complementar os traballos demandados ós alumnos e tentar manter o carácter expositivo ou interactivo das materias cando proceda. Recóllese tamén a petición formulada pola profesora Teresa Fernández Blanco, de procurar asignar a aula 21 para as actividades de matemáticas, cando sexa posible.

4. O profesor Lestegás sinala as dificultades dos alumnos de Lugo das especialidades de linguas, relativo as titulacións de acceso e as especialidades.

Sen máis cuestións, levántase a sesión ás 14:00 h.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016.

Raúl Eirín Nemiña.
Asdo. O coordinador



ANEXO II. Análise das enquisas de satisfacción, avaliación da docencia e resultados do título (%participación, resultados, evolución,...). (acta provisoria CA master secundaria).

COMISIÓN ACADÉMICA ORDINARIA DO MÁSTER EN PROFESORADO DE SECUNDARIA

ACTA PROVISORIA DA REUNIÓN DE 20/Xaneiro/2017

Lugar: Sala Videoconferencia María Barbeito (Santiago), e Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) (videoconferencia).

Hora: 12:30 h.

Asisten: Ana Brau, María Fiúza, , Francisco Lestegás, Modesto Rodríguez, Constantino Castelo (repre. Alumnos Lugo), Marilar Aleixandre, Pepe Armas, Bieito Silva, Cristina Trigo, Teresa Fernández Blanco , Raúl Eirín, Felipe Trillo, Ignacio Palacios, Paula Cousillas (repre. Alumnos Stg.) Martín Jesús Gómez (repre. Alumnos Stg.)

Disculpan asistencia: Juan Carlos Pardo e Carmen Morán.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de 10 de Outubro de 2016.
2. Informe dos Coordinadores de Santiago e Lugo.
3. Estudo e aprobación, se procede, do informe de seguimento correspondente ó curso 2015/2016.

Peticións e preguntas.

Desenvolvemento da sesión:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de 10 de Outubro de 2016.
Apróbase, por asentimento, a acta da sesión anterior, na que se engade a Bieito Silva e Modesto Rodríguez que non figuran na relación inicial.
2. Informe dos Coordinadores de Lugo e Santiago:
 - Lugo:
 - Desenvolvemento normal do curso.
 - Problemas asignación Prácticum I pola tardanza no listado definitivo de centros participantes.
 - Axudas Diputación Lugo, permiten ofertar cursos monográficos para os alumnos.
 - Inicio proceso asignación titores TFM.
 - Guía TFM, ponderación porcentual de cada un dos criterios do TFM.
 - Santiago:
 - Desenvolvemento normal do curso.
 - Problema falta titores Practicum especialidade Orientación.
 - Solicitud cotitorización TFM alumna Lucía Parente Romero.

Establécese un diálogo entorno a elección de tutores para o TFM. Este realízase contactando os alumnos cos tutores ata acordar o compromiso de inicio, que teñen que entregar a finais do mes de Febreiro. A veces prodúcense desaxustes entre tutores que ven cuberto o seu cupo de estudantes, e as demandas de alumnos. Insístese na necesidade de non apremiar ós alumnos e mesmo deixar que coñezan os profesores do segundo cuatrimestre para facer a súa elección de titor de TFM.

Relacionado coa solicitude de cotitorización presentada pola alumna Lucía Parente Romero, desestímase a cotitorización en base a que o cotitor non parece aportar un sentido educativo que poida complementar a formación específica na área de ciencias experimentadas, xa representada pola titora membro do equipo de profesores do máster.

Fálase do tema da falta de tutores de Prácticum, na especialidade de Orientación,, resolvendo enviar un escrito a Consellería e a Comisión de Coordinación, presidida polo VR, así como a comisión mixta Xunta Universidade, na que se explique a situación e se demanden solucións.

3. Estudo e aprobación, se procede, do informe de seguimento correspondente ó curso 2015/2016.

Infórmase das liñas xerais que compoñen o informe de seguimento, abríndose un turno de intervencións en torno os aspectos a tratar no informe de seguimento:

.(E3) Análise do perfil real de ingreso/egreso.

No curso académico 2015-16 ofertáronse 240 prazas; o número de matriculados de novo ingreso e primeira matrícula é de 239 alumnos. Os datos de prazas ofertadas mantense estable, en 240, agás no curso 14-15 donde se incrementa a 260 prazas, ante a demanda dos licenciados en Pedagogía que poden acceder a titulación só co TFM. Isto tamén fai que a variación da matrícula de inicio de estudos para o curso 15-16 se sitúe no -12,45%. Fora destas “excepcionalidades”, o número de prazas ofertadas mantéñese relativamente estable, cubríndose toda a oferta e mesmo con moitos estudantes en listas de agarda.

Esta alta demanda hacia a titulación fai que a nota media de acceso sea 7,84, incrementándose lixeiramente fronte os datos do curso 14-15 que foi de 7,48. A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é do 99,17 % e, asemade, por titulacións de procedencia e especialidades no MFPEs, por sexo e idade, etc.

Os estudantes matriculados proceden das titulacións recollidas na resolución de acceso é admisión. No caso de titulacións novas, que non figuran no listado recollido na resolución, informase a comisión académica e engádese na seguinte convocatoria.

Respecto da procedencia xeográfica dos estudantes de novo ingreso, maioritariamente son de orixe galego (95,26%). Os nacionais de fora de Galicia representan ó 4.31 %; por último o alumnado estranxeiro sobre matriculados é do 0.43 %. O porcentaxe de egresados da USC que acceden ó master sitúase no 76.37%

.(E10) Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...).

A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, sitúase no 50,94 %, un pouco menor que no curso 14/15 donde este porcentaxe foi do 54,39%. Quizá compre recordar e insistir en que os alumnos cubran as enquisas.

A valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa titulación sitúase en 2,94 sobre 5, porcentaxe lixeiramente maior que o acadado no curso anterior, de 2,67. Tamén mellorou a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, pasando do 3,88 ata 4,09. A taxa de abandono descendiu dende o 2,05 do curso 2014/15 ata o 0,56 do curso 2015/16. Pola contra, vemos un incremento na duración media dos estudos, que pasa de 1,08 a 1,12. Este aumento vense producindo dende a edición do 2009/2010, polo arrastre de alumnos pendentes de defender o seu TFM.

Respecto o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, a valoración media sitúase en 2,82, lixeiramente por enriba do 2,76 para o curso académico 2014/2015.

As enquisas de satisfacción co programa de prácticas externas (Prácticum) tivo unha taxa de resposta baixa, do 5,98% o que supón 26 enquisas. A media das puntuacións é alta, destacando a atención recibida por parte dos titores nas institucións (media de 4,27) e a consideración das prácticas como un bo complemento para mellorar a súa formación (media 4,23). Pola contra a menor valoración foi para a adecuación da duración das mesmas (3,25) e a relación cas expectativas creadas polos estudantes (3,85). O grao de satisfacción xeral cas prácticas sitúase en 3,99 sobre 5. Tamén aumentou, ata situarse no 4,20 a valoración dos titores académicos hacia as prácticas.

.(E10) Análise dos resultados do título.

Atendendo aos resultados do título, temos que sinalar os indicadores comparados coa media dos másteres da USC sinalan o seguinte. A porcentaxe de PDI con sexenios, doutor e funcionario é moi inferior a media da USC. Tamén a ratio de estudantes por profesor a tempo completo, así como a media de alumno por grupo interactivo e de teoría e significativamente maior que a media.

Pola contra as taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación melloran a media da USC igualmente a duración media dos estudos e a taxa de abandono presenta uns números inferiores a media dos estudos de máster da USC.

A taxa de rendemento das materias do plan de estudos sitúase por enriba do 90% , si ben no caso dos TFM baixa este porcentaxe a arredor do 80%. Esta situación fai que se arrastre unha bolsa de alumnos que incrementa a matrícula.

O Máster ten un carácter fundamentalmente profesionalizante, e polo tanto o destino natural e a inserción laboral do alumnado debe situarse na educación secundaria. A situación nos últimos anos respectos as convocatorias de emprego público foi de paralización, reanudándose o proceso no curso pasado, e parece que tamén no actual curso. Esperemos que se normalice a situación e os egresados vexan perspectivas laborales no ensino. Os resultados de inserción laboral proporcionados non recollen este feito, senón que sinalan as porcentaxes de titulados por tipo de contrato, xornada laboral e grupo de cotización. Polo tanto non sabemos o número de egresados que traballan en educación.

(E13) Análise das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)

Respecto a satisfacción do alumnado coa docencia recibida situase globalmente en 3.69, cunha participación do 46,90 %. Os datos do curso anterior son 3,60 e 55,65 % respectivamente. Mellorouse lixeiramente a valoración, aínda que con menor participación. Os aspectos mellor valorados polos estudantes son as referidas a explicación da programación da materia e os criterios de avaliación por parte do profesor (4,02), así como a resolución de dudas planteadas en clase, tutorías ou correo electrónico (3,95) e a actitude receptiva que facilita a comunicación (3,91). Pola contra a peor valoración ter que ver coa coordinación entre profesores da materia (3,23), a percepción da relevancia da materia e o interese para a súa formación (3,51).

Atendendo agora á valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, cunha participación do 65,18 %, a media acadada sitúase en 4.03 (sendo 5 o valor máximo). Entre os aspectos mellor valorados polos docentes do Máster o primeiro posto ten que ver coa satisfacción dos docentes respecto da relación co alumnado tanto nas sesións de aula como nas titorías (4,49). A valoración realizada respecto, dunha parte, do traballo realizado polos alumnos (4,42), e doutra, da participación crítica e activa dos alumnos nas aulas (4,29), son dimensións que acadan puntuacións superiores á media.

No extremo contrario atopamos a escasa valoración otorgada a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3,49), así como a adecuación de instalacións e recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia (3,75). Un aspecto a mellorar ten que ver ca coordinación, tanto a nivel de profesores, como dos distintos módulos e fases do máster.

Comentados estes datos, sinálase a necesidade de mellorar algún aspecto, especialmente a coordinación. Tamén nos comprometemos a poñer en marcha un proceso de avaliación xeral do máster.

Peticións e preguntas.

Constantino Castelo expresa a súa colaboración nas actividades de mellora que se poidan desenvolver. Tamén solicita, a coordinadora de Lugo, a posibilidade de facer constar as actividades de formación complementaria ofrecidas, para lela ó programa do máster.

Sen máis cuestións, levántase a sesión ás 14:30 h.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2017.

Raúl Eirín Nemiña.

Asdo. O coordinador